Industria e na Construción (UVigo(c), USAL, Delft.University Of Technology); Ciencia e Tecnoloxía Química (UVigo, USC(c)); Endocrinoloxía (UVigo, USC(c)); Estatística e Investigación Operativa (UVigo, USC(c), UDC); Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (UVigo, USC(c), UDC); Láser, Fotónica e Visión (UVigo, USC(c), UDC); Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (UVigo, USC(c), UDC); Neurociencia: Neurobioloxía, Neurociencia Cognitiva e Psicoloxía Clínica (UVigo, USC (c), UDC); Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura (UVigo, UPV (c), U. Burgos, U. Politécnica Milán (trámite), U. Tca. de Dinamarca (trámite); U. Libre de Lovaina (trámite)); Química Teórica e Modelización Computacional (UAM (c), en total 13 universidades do SUE); Tecnoloxía Mineira Sostible e Modelización (Uvigo, UNIOVI(c), UPM); Xestión e Resolución de Conflitos. Xustiza Terapéutica (UVigo); Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (UVigo); Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases (Uvigo, CICbiomaGUNE); Comunicación e Tradución (UVigo); Economía e Empresa (UVigo); Ecosistemas Terrestres, Usos Sustentable e Implicacións Ambientais (UVigo); Educación, Deporte e Saúde (UVigo, Federación Galega de Natación); Enxeñaría Química (UVigo); Ciencias da Educación e do Comportamento (UVigo); Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria (UVigo); Metodoloxías e Aplicacións en Ciencias da Vida (UVigo); Ordenación Xurídica do Mercado (UVigo); Sistemas Software Intelixentes e Adaptables (UVigo); Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (UVigo); Tradución e Paratraducción (UVigo); Creación e Investigación en Arte Contemporánea (UVigo).

Emitir informe previo e favorable ás modificacións dos seguintes Títulos de Grao xa implantados, consonte a proposta remitida polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo: Graduado/a en Educación Infantil; Graduado/a en Educación Primaria; Graduado/a en Educación Social; Graduado/a en Traballo Social; Graduado/a en Enxeñaría Informática; Graduado/a en Bioloxía.

Emitir informe previo e favorable ás seguintes propostas de Titulacións de Másteres Universitarios (reorganización da oferta actual) para o curso académico 2013/2014, consonte a proposta remitida polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo: Máster Universitario en Enxeñaría Informática; Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional; Máster Universitario en Artes Escénicas; Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos; Máster Universitario en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica; Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción; Máster Universitario en Dereito na Empresa; Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional; Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa; Máster Universitario en Economía, Mercados Fi-

nanceiros e Empresa; Máster Universitario en Biological Sciences; Máster Universitario en Matemática Industrial; Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións; Máster Universitario en Lingüística Aplicada; Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional.

Emitir informe previo e favorable á extinción dos seguintes Títulos de Másteres Universitarios, consonte a proposta remitida polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo: Máster Universitario en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións; Máster Universitario en Consultoría de Software Libre; Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo (Interuniversitario UVigo, USC, UDC); Máster Universitario en Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e Recursos Pesqueiros; Máster Universitario en Edición (Interuniversitario UVigo, USC); Máster Universitario en Lingüística Galega (Interuniversitario UVigo, USC, UDC); Máster Universitario en Enxeñaría de Soldadura; Máster Universitario en Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais.

Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro.

Darse por informado da reasignación das 66 Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación á Universidade de Vigo para o curso 2012/2013 aprobada pola Comisión de Actividades e Servizos.

Aprobar a composición da Comisión Executiva do Consello Social, quedando conformada do seguinte xeito: don Ernesto Pedrosa Silva, don Salustiano Mato de La Iglesia, don José Paraños Pardo, dona Mónica Vázquez Blanco, don Javier Garrido Valenzuela, e dona Ana Isabel Vázquez.

Aprobar a composición da Comisión Económica do Consello Social, quedando conformada do seguinte xeito: don Daniel Barata Quintas, don José Manuel García Vázquez, don Manuel Fernández Jauregui, don Xulio Calviño Rodríguez, don Emilio López Fernández, don Jorge Cebreiros Arce e don César Enrique Martínez Gómez.

Aprobar a distribución de competencias entre as distintas Comisións do Consello Social.

PLENO DE 27 DE DECEMBRO

Informar favorablemente a creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo coa denominación de Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo, consonte proposta remitida polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Emitir informe previo e favorable á extinción dos seguintes Títulos de Másteres Universitarios, consonte proposta remitida polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo: Máster en Economía; Máster en Investigación en Comunicación; Máster en Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias.

Darse por informado sobre o cambio de nome dos seguintes títulos de Programas de Doutoramento para o curso 2013/2014 (aprobados en Pleno de 13 de novembro de 2012): Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria; Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces; Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais.

Aprobar, visto o informe favorable da Comisión Executiva, a nova convocatoria de axudas do Consello Social para Practicums no curso 2012/2013.

Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de novembro.

Aprobar a composición da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social, quedando conformada do seguinte xeito: don Julio Estévez Fernández, don César Blanco Gómez, dona Inmaculada Valeije Álvarez, don Federico Pérez Mato, dona Ana Isabel Vázquez Reboreda, dona Flora Castro González e do Carlos Mollinedo Lois.

Aprobar a composición da Comisión Temporal para o Reconecemento ás Empresas que colaboran coa Universidade de Vigo, quedando conformada do seguinte xeito: dona Marta Iglesias Bueno, don Jorge Cebreiros Arce, dona Flora Castro González, don José Natalio Blanco Sierra, dona Natalia Zunzunegui Garrido, don

Julio Estévez Fernández, dona Inmaculada Valeije Álvarez, don Estevo Sánchez Gálvez e don Xesús López Carreira.

Completar a composición da Comisión Executiva do Consello Social coa integración como membro de don José Manuel Díaz Barreiros.

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN EXECUTIVA

Ao longo do ano 2012 a Comisión Executiva reuniese en cinco ocasións, celebrándose as sesións nos Campus de Vigo e Ourense.

ACORDOS

Reiterar a solicitude de información enviada o pasado mes de decembro de 2011 á directora do I Curso de Formación “CCNA Exploración 1: aspectos básicos de networking”, para que explique o exceso de prezo da matrícula respecto ás normas do Consello Social.

Aprobar as taxas do II Curso de Formación “Programación web con PHP” (195 €) , unha vez aceptadas as xustificacións aportadas polo director respecto ao exceso detectado no custe da matrícula.

Desestimar a axuda especial solicita polo alumno don Borja Peral López para situacións socioeconómicas de carácter excepcional, por incumprir as bases no apartado referido a que só se poderán adxudicar cando a causa excepcional que a determine se produza unha vez iniciado o curso académico.

Desestimar a proposta de colaboración co programa de formación permanente do profesorado da Universidade de Vigo, consonte proposta da Vicerreitoría de alumnado, docencia e calidade, por non ser considerada unha prioridade nas accións correspondentes ao Consello Social.

Colaborar economicamente co plan de accións de innovación educativa na Universidade de Vigo, consonte proposta da Vicerreitoría de alumnado, docencia e calidade, a fin de

estimular e promover as experiencias innovadoras do profesorado da Universidade de Vigo, sempre que supoñan un avance na adaptación do ensino ao EEEES, o achegamento ás necesidades da sociedade e das empresas, aprendizaxe de competencias e mellora da empregabilidade do alumnado, ou desenvolvemento de novos sistemas de aprendizaxe mediante recursos tecnolóxicos. As accións a patrocinar deberán ser previamente seleccionadas e aprobadas pola Comisión Executiva, e así mesmo deberán valorarse nelas a promoción da lingua galega e o cumprimento da igualdade.

Colaborar cunha achega económica no patrocinio do “Programa de desenvolvemento de habilidades horizontais” a proposta da ÁREA de Emprego da Universidade de Vigo, atendendo ás normas que se xuntan.

Aprobar a colaboración económica para a organización dos “Seminarios de Liderado Institucional 2012”, debendo atender ás normas do Consello Social.

Aprobar unha achega económica como axuda á organización do “XII Foro Tecnolóxico de Emprego”, atendendo ás normas do Consello Social.

Aprobar unha axuda económica para as actividades e funcionamento da Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo para o ano 2012, atendendo ás normas do Consello Social. Esta actividade suporá o acercamento da Universidade de Vigo ás cuestiós centrais de liderado, institución e a dirección pública en tempos de crise.

Conceder unha axuda económica para a inclusión dunha ponencia sobre “La imagen pública de la Universidad y el papel que desempeña el Consejo Social”, dentro do programa de apertura do Curso de Comunicación e Protocolo que terá lugar o próximo 9 de maio na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra, atendendo ás normas do Consello Social

Estimar parcialmente e conceder unha achega económica a axuda solicitada para financiamento da publicación da monografía “Historia e memoria do réxime de Franco”, coas ponencias presentadas nas VIII Xornadas Sociedade e Dereito. Solicítase a entrega de 40 exemplares. Así mesmo advítese que as actuacións derivadas dunha mesma iniciativa deben contemplarse nun orzamento inicial completo, polo que no sucesivo non serán aceptadas peticións divididas.

Colaborar economicamente na organización das Xornadas “El derecho a la reinserción sociofamiliar de los niños, niñas y adolescentes” que se celebrarán no mes de marzo na Fa-

cultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, atendendo ás normas do Consello Social.

Aportar unha achega económica en copatrocínio con outras institucións, para cada unha das dúas edicións previstas en 2012 da revista "Investigación, cultura, ciencia y tecnología", atendendo ás normas e debendo remitirse 50 exemplares a este Consello Social.

Desestimar a axuda solicitada proposta pola Vicerreitoría do Campus de Ourense para o patrocinio do libro "Roteiros Culturais" correspondente á "Guía da Ruta da Prata", dadas as necesidades de axustar e orientar o reducido orzamento do Consello Social na atención a actividades prioritarias.

Dirixirse ao director dos Cursos: IV Curso Complementario en "Vendaxes funcionais no deporte" e IX Curso Complementario en "Vendaxes neuromusculares (KINESIOTIPPING)" por detectarse desaxustes entre os ingresos e que se amosa na Memoria final respecto da proposta inicialmente presentada e aprobada, instando a evitar estas incidencias no sucesivo.

Desestimar a axuda solicitada para a edición do segundo número da revista "Intersexiones". A decisión baséase en razóns orzamentarias; no compromiso de continuidade que xeran estas iniciativas, a vista doutras experiencias; e a inadecuación ás prioridades establecidas polo Consello Social neste exercicio.

Darse por informada de que se atopa pendente a Memoria final da X edición do Curso Máster/Especialista en "Auditoría e Contabilidade".

Aprobar definitivamente as taxas do I Curso de Formación en "CCNA Exploration 1: Aspectos básicos do networking", unha vez recibidos e aceptados os argumentos contidos no escrito xustificativo remitido pola directora, no que explica o sobrecuste por crédito que se lle cobra aos alumnos.

Aprobar as taxas do V Curso de Formación en "JAVA: programación orientada a obxectos para enxeñeiros", á espera da Memoria final da edición anterior, e admitidas as explicacións que xustifican as taxas académicas por enriba do recomendado polo Consello Social.

Aprobar as taxas para a actividade "Campus Camp" a desenvolver no verán de 2012 nos Campus de Vigo e Pontevedra.

Emitir informe previo e favorable, para elevación ao Pleno, dos seguintes novos títulos para implantar no curso 2012/2013: Máster universitario que habilita para a profesión regulada de avogado; Doutoramento en Nanomedicina (interuniveritario, coordinado pola USC); Doutoramento en Marine Sciences, Technology and Management (Campus do Mar).

Aprobar a concesión dunha axuda económica para a organización de "Edugal". A cantidade asignada deberá dedicarse á promoción e comunicación do evento, e deberá atese ás normas do Consello Social.

Conceder unha achega económica para a organización das IX Xornadas Sociedade e Dereito sobre "Dereito de sufraxio, réxime electoral e partidos políticos: da Constitución de Cádiz aos nosos días", debendo atese ás normas do Consello Social.

Dirixirse ao director do IV Curso de Especialista en Administrador de redes e servizos IP, por canto os alumnos que participan (10) non se corresponden co número mínimo previsto na proposta académica inicial (16) e comunicarlle a conveniencia de evitar en futuras edicións calquera alteración respecto da proposta inicial, salvo por causas moi xustificadas e debidamente comunicadas.

Aprobar as modificacións das normas básicas para axudas do Consello Social.

Conceder as axudas para o desenvolvemento de prácticas dos alumnos durante o ano 2012 coa seguinte distribución: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo 4.700 €; Facultade de Belas Artes (ESDEMGA) 3.500 €; Facultade de Bioloxía 4.000 €; Facultade de Ciencias do Mar 4.000 €; Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo 3.680 €; Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación 4.000 €; Facultade de Dereito 3.800 €; Facultade de Ciencias da Educación e Deporte 2.320 €. Primar en sucesivas edicións as prácticas externas sobre as conferencias.

Aprobar as taxas do I Curso de Formación en "CCNA Exploration 2: conceptos e protocolos de enrutamento" unha vez aceptadas as explicacións do director sobre o exceso das taxas a pagar polos profesionais externos á Universidade de Vigo respecto ás recomendacións do Consello Social.

Informar favorablemente ao Pleno da asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento ao labor docente e labor investigador a profesores da Universidade de Vigo (convocatoria 2011), consonte o artigo 6.e) do Regulamento.

Informar favorablemente ao Pleno da asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento á excelencia curricular a profesores da Universidade de Vigo (convocatoria 2011), consonte o artigo 6.e) do Regulamento.

Informar favorablemente ao Pleno da asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento polos cargos de xestión a profesores da Universidade de Vigo (convocatoria 2011), consonte o artigo 6.e) do Regulamento.

Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Ourense 2012, con excepción das correspondentes ao Curso "Crise VS Creatividade: os novos desafíos do audiovisual galego" cuxa aprobación queda supeditada á entrega dunha Memoria final debido ao elevado exceso detectado no pago a docentes e unha vez avaliado o programa e atendidas as explicacións aportadas polo director do Curso.

Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Vigo 2012; Advertir á directora do Curso "Enfrontarse a urxencias cardiovasculares" que os gastos de dirección non poderán exceder o 10% do orzamento de ingresos; Admitir un pequeno exceso na retribución global aos docentes do Curso "Planificación de espazos naturais litorais" á vista das explicacións aportadas.

Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Pontevedra 2012; Advertir do exceso na retribución docente do Curso "Da teoría á práctica no observatorio astronómico de Forcarei" visto o informe desglosado do programa e da comprobación de que a maior parte do exceso refírese a pagos de dirección e secretaría que na proposta non se desagregan do apartado de docentes.

Conceder unha axuda económica para a organización do congreso sobre "Mediación: perspectiva psicolóxica e xurídica" previsto no Campus de Ourense, atendendo ás normas do Consello Social. Valórarse a calidade do programa, os méritos dos poñentes e a circunstancia de que a mediación e outras formas de solución de conflitos se contempla como materia obligatoria que se impartirá por primeira vez en cuarto de Dereito no curso 2012-2013.

Conceder unha axuda económica para a organización do "I Congreso iberoamericano de justicia terapéutica" previsto en Pontevedra, atendendo ás normas do Consello Social. Valóranse, ademais do programa e a capacidade dos profesionais nacionais e internacionais participantes, os obxectivos e a implicación para acadar unha xustiza máis operativa e centrada no benestar das persoas.

Condicionar a aprobación das taxas do XII Curso de Máster/Especialista en "Auditoría e Contabilidade" á recepción dun escrito do director do Curso explicando as causas polas que non está entregada a Memoria da XI edición, consonte o que establece o Regulamento de títulos propios e as recomendacións do Consello Social.

Dar validez ás taxas do III Curso de Formación en "Programación Web con PHP" unha vez aceptadas as xustificacións aportadas polo director respecto ao exceso detectado no custe da matrícula, lembrándolle así mesmo que está pendente de entregar a Memoria final da edición anterior.

Emitir informe favorable, consonte o artigo 4e) da Lei 1/2003 de Consellos Sociais, aos prezos que se aplicarán para a obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en toda España no curso 2012/2013.

Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o envío ao Consello Social do Decreto que fixa os prezos con maior antelación para a emisión do preceptivo informe, e en todo caso antes da súa aprobación.

Comunicar ao Concello de Pontevedra a inasistencia de don Agustín Fernández a todas as reunións ás que foi convocado dende o seu nomeamento como membro do Consello Social e pedir que tomen en consideración a súa substitución, dada a manifesta incompatibilidade desta representación coas súas responsabilidades.

Aprobar as taxas de actividades recoñecidas de formación do profesorado unha vez avaliadas, e considerando a súa inclusión dentro das recomendacións e das normas establecidas polo Consello Social respecto dos prezos das ensinanzas propias, cursos de especialización e demais actividades autorizadas ás universidades conforme o artigo 81.3 c) da LOU.

Validar a normativa de adaptación de doazóns bibliográficas aprobada pola Comisión de Biblioteca con data 27 de marzo de 2012, debendo incorporar ao texto a súa aplicación a doazóns menores e correntes, polo que non poderá ser aplicada a doazóns de singular importancia, que deberán ser remitidas ao Consello Social aos efectos do dispuesto no artigo 4 n) da Lei 1/2003 dos Consellos Sociais do Sistema Universitario Galego. Así mesmo, deberase remitir periodicamente ao Consello Social unha relación sobre a evolución das doazóns.

Conceder unha achega económica para a organización das Xornadas "Los retos de la

Educación en el siglo XXI”, promovida pola Asociación general de profesores titulares de Universidad. A axuda deberá aterse ás normas do Consello Social entregando así mesmo unha Memoria final xustificativa da axuda concedida.

Conceder unha axuda económica para a organización da cuarta edición de “Pensar el cine”, dedicada a “Los desafíos de la igualdad”. Advírtese que no vindeiro exercicio poderían cesar as axudas do Consello Social a esta iniciativa, por ter colaborado xa nas tres edicións anteriores e non poder asumir un patrocinio continuado e permanente de ningunha actividade, e mesmo para favorecer a igualdade de oportunidades ante o crecente número de solicitudes presentadas ao Consello Social e os menores recursos dispoñibles. Solicítase unha Memoria final.

Outorgar unha axuda económica para as prácticas de alumnos da titulación de Historia preferentemente na escavación arqueolóxica no monte do Señoriño, en Allariz, atendendo ás normas que do Consello Social.

Comunicar ao director do Curso de Máster/Especialista en “Auditoría e Contabilidad” a inconveniencia dos desaxustes que se reflicten entre o exposto na proposta académica da X edición e o que amosa a Memoria final nalgúns gastos, recomendando que se eviten no posible en sucesivas edicións.

Aprobar definitivamente as taxas do Curso de Extensión Universitaria (Campus de Ourense) “Crise VS Creatividade”, unha vez recibidas e aceptadas as xustificacións demandadas sobre o exceso detectado no pago de docentes respecto ás recomendacións do Consello Social.

Aprobar as taxas do V Curso de Formación en “Administrador e Desenvolvedor de Bases de Datos” e do I Curso de Formación en “Introducción aos Autómatas Programables”, unha vez avaliadas as explicacións que aportan os respectivos directores e aceptados os argumentos.

Aprobar as taxas para a actividade “Campus Camp Nadal 2012” que se desenvolverá no período de Nadal no Campus de Ourense.

Conceder unha axuda económica para a publicación do libro “La Iberidad y el Camino de Santiago” promovido dende a asociación cultural “Patronato del Instituto de Estudios Ibéricos”, debendo ter en conta as normas do Consello Social para publicacións e a entrega de 50 exemplares.

Conceder unha axuda económica para a celebración en Vigo das segundas "Xornadas sobre cuestións prácticas de Dereito Procesual Civil", orientadas a profesores e profesionais, debendo cumplir coas normas do Consello Social.

Aprobar unha achega económica como apoio á Campaña de Mecenado nas actividades de difusión e sensibilización, para principiar unha fase de identificación de egresados e a elaboración dunha base de datos e dun rexistro operativo.

Conceder unha axuda económica para a organización de "Debut 2012", debendo atender ás normas do Consello Social. Así mesmo, aconséllase que en futuras edicións trámítense esta solicitude a través da convocatoria de Practicums que promove o Consello Social.

Conceder unha axuda económica para a organización dun acto de difusión en Madrid da teoría de orixe galega de Cristóbal Colón, cando se cumplen 114 anos dende que fora presentada polo investigador e historiador pontevedrés don Celso García de la Riega, consonte as contrapartidas ofrecidas pola Asociación solicitante, e debendo atender ás normas do Consello Social.

Remitir informe favorable ao Pleno para aprobación dunha nova convocatoria de axudas a Practicums para o curso 2012/2013 para titulacións da Universidade de Vigo. Nesta edición incorpórarse unha nova cláusula ás bases, pola que se establece que no proceso de valoración primarán as prácticas externas sobre as conferencias.

DISTRIBUCIÓN E TAXAS DE TÍTULOS PROPIOS E CURSOS DA UVIGO NO CURSO 2012/2013

Nas sesións da Executiva do 14 de febreiro, 6 de marzo, 28 de maio, 17 de xullo, e 3 de decembro aprobáronse as seguintes propostas de taxas de títulos propios, cursos de especialización e demás actividades autorizadas ás Universidades conforme o artigo 81.3 da LOU:

Cursos de Extensión universitaria Campus de Vigo

2012/501 "Xestión de explotación acuícolas" 55 €

2012/502	"Enfrontarse a urgencias cardiovasculares. V edición"	50 €
2012/503	"Primeiros Auxilios"	85 €
2012/507	"Planificación de espazos naturais litorais"	40 €
2012/508	"Sistemas de información xeográfica. Software libre (gvSIG 1.11)"	70 €
2012/509	"Patrimonio natural e cultural do Bierzo (II). Reserva da biosfera de Ancares"	50 €
2012/510	"Termalismo e química: homenaxe ao Dr. Antonio Casares"	80 €
2012/512	"Un mundo desigual: retos e perspectivas"	40 €
2012/515	"A psicomotricidade: outra mirada sobre o neno"	65 €

Obradoiros de Extensión universitaria Campus de Pontevedra

2012/520	"Da teoría á práctica no observatorio astronómico de Forcarei"	50 €
2012/521	"Iniciación á micro fusión de metais brandos"	60 €
2012/522	"Formación multidisciplinar doa adestrador de balonmán"	40 €
2012/523	"Gestalt, corpo e arte: unha mirada interdisciplinar sobre o proceso creativo como recurso para a aprendizaxe persoal e social"	32 €
2012/524	"Formación de promotores de saúde física e psicolóxica"	40 €

Obradoiros de Extensión universitaria Campus de Ourense

2012/550	"Inés de Castro e a súa época"	60 €
2012/551	"Cata de viños, augardentes e licores"	60 €
2012/552	"Fiscalidade aplicada e Internet"	30 €
2012/553	"La biomasa, unha fonte inagotable de posibilidades"	30 €
2012/554	"Vrise vs. Creatividade: os novos desafíos do audiovisual galego"	60 €
2012/555	"A crise dos estudos de humanidades e a tradición do galeguismo á luz de Nós"	30 €
2012/556	"Ecodesenvolvemento e medio ambiente no Xurés"	60 €

2012/557 "Deporte, empresa e sociedade: Moneyball (Diñeiro e deporte no cinema)"	50 €
2012/558 "Planificación, estratexias fiscais e comportamento fiscal do contribuínte".....	30 €

Cursos Complementarios:

VII edición "Iniciación ao AutoCAD"	130 €
I edición "Nivel medio de AutoCAD"	130 €
I edición "Coñecemento do sistema empresarial galego"	0 €
I edición en "Competencias horizontais"	0 €
V edición "Vendaxes funcionais no deporte"	150 €
X edición "Vendaxes neuromusculares (Kinesiotaping)"	169 €
III edición "English immersion programme for professionals"	0 €
I edición "Comunicación e protocolo XII. Xornadas internacionais de comunicación e imaxe pública"	0 €
I edición "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito" - Alumnado da Universidade de Vigo.....	26 €
- Resto do alumnado.....	52 €
III edición "A situación do inmigrante. Normativa, dereitos e trámites paso a paso".....	95 €
III edición "O emigrante retornado. Normativa, dereitos e trámites paso a paso".....	95 €
VIII edición "Iniciación ao AutoCAD"	130 €
II edición "Masaxe deportiva e técnicas complementarias"	120 €
II edición "Competencias horizontais"	0 €
I edición "Xeometría dinámica por ordenador"	115 €
VI edición "Medida e certificación de estacións radioeléctricas"	300 €
XI edición "Vendaxes neuromusculares (Kinesiotaping)".....	174 €

VI edición "Vendaxes funcionais no deporte"	158 €
I edición "Programación avanzada de robots industriais (sistema KUKA)".....	360 €
II edición "Prevención de riscos laborais, nivel básico".....	60 €

Cursos de Formación:

I edición "Deseño e Cálculo de estruturas (contorna CYPE 2012)"	250 €
IV edición "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"	240 €
III edición "Deseño e cálculo de instalacións técnicas da edificación e construcións industriais (contorna CYPE)"	250 €
I edición "Fomento do espírito emprendedor".....	0 €
I edición "Autoemprego en contornos cooperativos e colaborativos"	0 €
II edición "Programación web con PHP"	195 €
V edición "Java: Programación orientada a obxectos para enxeñeiros"	190 €
I edición "Iniciación á programación de dispositivos ANDROID".....	175 €
II edición "Hixiene na industria alimentaria".....	45 €
IV edición "Manipulación de alimentos".....	45 €
IV edición "Elaboración de manuais de boas prácticas"	45 €
I edición "Creación de sitios web paso a paso con Joomla".....	150 €
I edición "CCNA Exploration 2: Conceptos y protocolos de enrutamiento"	
- Profesionais externos á UVigo, curso completo de CCNA2	250 €
- Alumnos, ex-alumnos, profesorado ou PAS da UVigo, curso completo e exame	150 €
- Alumnos, ex-alumnos, profesorado ou PAS da UVigo, curso completo.....	100 €
I edición "Catia V5: módulos CAD-CMU-CAE-CAE-CAM"	375 €
II edición "Estatística con R para investigadores"	125 €
III edición "Programación web con PHP"	195 €
I edición "Iniciación á programación de dispositivos iOS5".....	175 €
VIII edición "O IVE na fiscalidade empresarial".....	80 €
I edición "CNNA Exploration 3 y 4: Comutación LAN Y Acceso WAN"	
- Profesionais externos á UVigo	400 €

- Alumnos, ex-alumnos, profesorado ou PAS da UVigo	200 €
X edición “Introdución á Bolsa”	
- Membros da comunidade universitaria.....	100 €
- Membros alleos á comunidade universitaria	120 €
VI edición “Control estatístico de calidade con R”	125 €
I edición “Análise e tratamiento avanzado da información (Microsoft Excel)”	150 €
I edición “Excel financeiro”.....	165 €
V edición “Administrador e desenvolvedor de bases de datos”	210 €
II edición “Creación de sitios web paso a paso don Joomla”	165 €
I edición “Introdución aos autónomas programables”	180 €
II edición “Coordinador de seguridade e saúde en obras de construcción”	195 €

Cursos de Especialista:

III edición “Ecografía mamaria”	900 €
V edición “Administración e redes de servizos IP”.....	1.400 €
I edición “Biomaterias e tecnoloxías biomédicas”	600 €

Máster/Especialista:

X edición “Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiamento e xestión de proxectos”.....	900 €
XII edición “Auditoría e contabilidade”	3.600 €

A Comisión Executiva aprobou durante o ano 2012 as taxas de 52 cursos impartidos pola Universidade de Vigo para a obtención de títulos propios de Posgrao ou para ensinanzas de formación. Neste resumo, elaborado pola Secretaría do Consello Social, pódese observar a incidencia que os cursos tiveron en cada un dos Campus, así como a distribución pór ámbitos de ensinanza

OS CURSOS, POR TIPOS*

Complementarios	Formación	Especialista	Master	Máster/Especialista	Titulacións Propias
20 (23) 38,46% (52,27%)	27 (16) 52% (36,36%)	3 (2) 5,77% (4,55%)	0 (0) 0% (0%)	2 (3) 3,85% (6,82%)	0 (0) 0% (0%)

OS CURSOS, POR ÁMBITOS

Científico	Humanístico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
6 (6) 11,54% (13,64%)	4 (2) 7,70% (4,55%)	19 (15) 36,54% (34,09%)	23 (21) 44,23% (47,73%)

OS CURSOS, POR CAMPUS

Ourense	Pontevedra	Vigo
17 (14) 32,7% (31,82%)	10 (9) 19,23% (20,45%)	25 (21) 47,08% (47,73%)

* As cifras que aparecen entre as parénteses amosan os datos de 2011.

MEMORIAS FINAIS RECIBIDAS

Foron recibidas as memorias finais dos seguintes cursos de posgrao:

- IV Curso Complementario en "Vendaxes funcionais no deporte".
- IX Curso Complementario en "Vendaxes neuromusculares (KINESIOTAPING)".
- II Curso de Formación en "Deseño e cálculo de instalacións técnicas da edificación e construcións industriais (contorna CYPE)".
- III Curso de Formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS".
- I Curso de Formación en "Xénero e violencia de xénero. Re-Xenérate".
- III Curso de Formación en "Educación ambiental"
- IV Curso de Especialista en "Administración de redes e servizos IP".
- IX Curso de Formación en "Introdución á Bolsa"
- I Curso Complementario en "Masaxe deportiva e técnicas complementarias".
- I Curso Complementario en "Nivel medio de AutoCAD".
- VII Curso Complementario en "Iniciación ao AutoCAD"
- IV Curso de Formación en "JAVA: Programación Orientada a Obxectos para Enxeñeiros".
- II Curso de Especialista en "Ecografía Mamaria".
- VII Curso de Formación en "O IVE na Fiscalidade Empresarial".
- X Curso de Máster/Especialista en "Auditoría e Contabilidade".
- II Curso Complementario en "English Inmersion Programme for Professionals".
- I Curso Complementario en "Organización e Desenvolvemento de Eventos Deportivos: As Claves do Éxito".
- I Curso Complementario en "Xeración e Posta en Valor de Ideas Emprendedoras".
- I Curso Complementario en "Consultoría para a Innovación e o Emprendemento".
- I Curso Complementario en "Competencias Horizontais".
- I Curso Complementario en "Competencias Directivas".
- I Curso Complementario en "Creatividade e Innovación na Empresa"
- V Curso Complementario en "Medida e Certificación de Estacións Radioeléctricas"
- I Curso Complementario en "Comunicación e Protocolo XI. Foro Hispano-Luso-Iberoamericano"
- I Curso Complementario en "Simulación e Programación de Robots Industriais (Sistemas KUKA)"
- II Curso Complementario en "A Situación do Inmigrante: Normativa, Dereitos e Trámites paso a paso"
- VIII Curso Complementario en "Iniciación ao AutoCAD"

- II Curso Complementario en "Competencias Horizontais"
- V Curso Complementario en "Vendaxes Funcionais no Deporte"
- I Curso de Formación en "Estatística con "R" para Investigadores"
- II Curso de Formación en "Programación web con PHP"
- I Curso de Formación en "Creación de Sitios web paso a paso con Joomla"
- I Curso de Formación en "Xestión de Proxectos Baixo a Metodoloxía PMI-MICROSOFT PROJECT"
- I Curso de Formación en "CCNA Exploration 1: Aspectos Básicos do Networking"
- II Curso de Formación en "Introducción a Cativa V5: Módulos PLM-CAD-CAM-CAE-DMU"
- IV Curso de Formación en "Administrador e Desenvolvedor de Bases de Datos"
- IV Curso de Formación en "Tratamiento de datos con "R" para Investigadores"
- I Curso de Formación en "Creación e Administración de Portais web"
- I Curso de Formación en "CCNA Exploration 2: Conceptos e Protocolos de Enrutamento"
- IX Curso de Máster/Especialista en "Axentes de Emprego e Novas Tecnoloxías da Información: Planificación, Financiamento e Xestión de Proxectos"

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN ECONÓMICA

A Comisión Económica reuniuse ao longo do ano 2012 en dúas ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 20 de xuño e o 21 de decembro.

ACORDOS

Informar favorablemente ao pleno a aprobación das contas anuais de Cidade Universitaria, S.A. correspondentes ao exercicio de 2011.

Propoñer ao Pleno a aprobación das contas anuais de 2011 da Fundación Universidade de Vigo.

Remitir ao Pleno proposta de aprobación das contas auditadas de 2011 da Cidade Tecnolóxica de Vigo.

Propoñer ao Pleno a aprobación das contas da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio de 2011 coas salvedades recollidas no Informe de auditoría externa, constatando e agradecendo as melloras acadadas no exercicio analizado.

- Instar á Xerencia para que continúe a implantar e aplicar, no presente exercicio,

medidas para resolver e corrixir os problemas que se reflicten no Informe de auditoría, así como requirir que se teñan en conta as recomendacións e propostas de melloras plantexadas pola empresa auditora.

- Tomar nota do compromiso da Xerencia de que no actual exercicio se resolvan as diferenzas entre Inventory e Contabilidade.

Propoñer a prórroga do contrato con ATD para a realización do Informe de auditoría e o Memorando de recomendacións sobre as contas da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2012, tendo en conta que a liquidación do actual orzamento deberá facerse antes do un de marzo de 2013 (Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo).

Darse por informada dos seguintes asuntos: Importes para incorporación de remanentes de libre disposición, por un importe de 623,33 €, por unha continxencia laboral (Consello de Goberno de 23 de abril de 2012); Importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición, por importe total de 8.047,41 € (Consello de Goberno de 12 de xuño de 2012) .

Conceder unha axuda especial para situacións socio-económicas de carácter excepcional por un importe de 591 € á alumna da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, dona Eva María Estévez Pérez.

Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio.

Darse por informada dos convenios do Campus do Mar con tramitación rematada en 2010-2011.

Elevar informe favorable ao Pleno para a aprobación da cesión a CIC biomaGUNE de bens e equipos adquiridos pola Universidade de Vigo con cargo ao proxecto europeo "Plamaquo".

Elevar informe favorable ao Pleno sobre o establecemento do teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario 2013. (Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril. Modificación do artigo 81, apartado 2, da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro).

Informar favorablemente ao pleno para a súa aprobación do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2013, así como dar traslado das felicitacións da Comisión ao equipo de goberno.

Recomendar ao Pleno que aprobe que o informe de auditoría sexa elaborado e entregado coa mesma data límite da liquidación de contas do exercicio 2013 dentro do prazo establecido no Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril.

Darse por informada dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición aprobados en Consello de Goberno de 19 de outubro de 2012.

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniese en tres ocasións no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 17 de abril, o 8 de agosto e o 19 de outubro.

ACORDOS

Informar favorablemente a proposta de apoio á Campaña de Mecenado e captación de fondos previstas para 2012, en colaboración coa Reitoría e coa Fundación Universidade de Vigo.

Informar favorablemente a proposta de participación do Consello Social no programa de bolsas de mobilidade “Ourense Exterior” para o curso 2012/2013, en colaboración coa Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense, cunha achega máxima de 10.000 € dependendo do número final de alumnos matriculados.

Conceder unha axuda para a realización das actividades “Xantares saudables” e “Cociña ConVida” dentro do proxecto “Campus ConVida”, iniciado de xeito experimental en 2011 no Campus de Ourense, co obxectivo de estender a mesma metodoloxía aos restantes Campus da UVigo. Ten como obxectivo a creación dun entorno educativo que reforce as condutas e actitudes de vida saudable entre a comunidade universitaria, e esténdese ao longo do curso académico. Os organizadores deberán ter en conta as Normas para axudas do Consello Social.

Desestimar a axuda solicitada para a celebración do “Ciclo de Seminarios Ambientais e Saudables” e o “V Curso de Fotografía Ambiental da Universidade de Vigo”, a instancia da Asociación Medioambiental e Universitaria SYME, considerando as menores dispoñibilidades orzamentarias do Consello Social e a prioridade xa concedida a outras actividades homologables.

Aprobar o patrocinio dunha publicación con textos inéditos de Ramón Otero Pedrayo, atopados nos traballos de transcripción e clasificación de manuscritos depositados na Fundación Penzol, auspiciados e financiados polo Consello Social en 2011. Terase en conta o disposto nas Normas de publicacións do Consello Social. A adxudicación definitiva queda pendente da avaliación de novos orzamentos que se solicitan.

Aprobar as taxas para a actividade “Campus Camp” a desenvolver no verán de 2012 nos Campus de Ourense.

Aprobar a elaboración e distribución de carpetas-guías para os alumnos que se matriculen na Universidade de Vigo por primeira vez no curso académico 2012/2013, co obxectivo de contribuír ao proceso de acollida e orientación dos estudiantes de novo ingreso.

Aprobar a distribución das 66 bolsas-colaboración concedidas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación para o curso 2012/2013.

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
DEBUXO	1
PINTURA	1
ESCULTURA	1
LINGUA ESPAÑOLA	1
FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESCA E ALEMÁ	1
HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA	1
TRADUCIÓN E LINGÜÍSTICA	2
ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA	1
DEREITO PRIVADO	1
DEREITO PÚBLICO	1
DEREITO PÚBLICO ESPECIAL	1
DIDÁCTICA, ORGANIZACIÓN ESCOLAR E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN	1
DIDÁCTICAS ESPECIAIS	2
ECONOMÍA APLICADA	2
ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	1
FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICO E Hº E INSTITUC. ECON.	1
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING	3
PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN	1
SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	1
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	1
DESEÑO NA ENXEÑERÍA	1

ENXEÑERÍA ELÉCTRICA.....	1
ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS	1
ENXEÑERÍA QUÍMICA	2
ENXEÑERÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN.....	1
ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE	4
ENXEÑERÍA DOS SISTEMAS E AUTOMÁTICA	1
FÍSICA APLICADA.....	3
INFORMÁTICA.....	2
MATEMÁTICA APLICADA I.....	1
TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	1
ENXEÑERÍA TELEMÁTICA	1
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓN.....	2
BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE	4
BIOLOGÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	2
BIOQUÍMICA, XENÉTICA E INMUNOLOXÍA	3
ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL.....	3
QUÍMICA ANALÍTICA E ALIMENTARIA.....	2
QUÍMICA FÍSICA	2
QUÍMICA ORGÁNICA	2
QUÍMICA INORGÁNICA	1
XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	1

Propoñer a seguinte reasignación definitiva e unha lista de agarda complementaria e ordenada das bolsas-colaboración concedidas á Universidade de Vigo polo Ministerio e Educación para o curso 2012/2013, vista a información aportada pola Sección de Bolsas da Universidade e do insuficiente número de vacantes respecto ao número de alumnos que cumplen os requisitos, e considerando as circunstancias que concorren en determinados casos e aplicando os criterios establecidos polo Consello Social, e ponderados todos eles:

Reasignación definitiva

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Dereito Público	1
Informática	1
Ecoloxía e Bioloxía Animal	1

Lista de agarda

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Organización de Empresas e Márketing	1
Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	1
Química Analítica	1
Física Aplicada	1

Aprobar as tarifas dos servizos deportivos que ofrece a Universidade de Vigo no curso 2012/2013.

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DE RECOÑECIMENTO ÁS EMPRESAS QUE COLABORAN COA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Comisión de Recoñecemento ás empresas que colaboran coa Universidade de Vigo reuniuse nunha ocasión no Campus de Vigo. A sesión celebrouse o 20 de marzo.

Seguir o modelo de anteriores edicións do Acto de Recoñecemento ás empresas que colaboran coa Universidade de Vigo, adecuando a data á disponibilidade do poñente e elixindo para a celebración o Paraninfo da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.

Crear unha proposta creativa para a difusión, cartelería e imprenta específica para esta terceira edición.

Tendo en consideración as opcións de Mercadona e Inditex, solicitar a todos e cada un dos membros da Comisión que presente unha terna de posibles poñentes, ata o próximo 31 de marzo.

Fixar un orzamento máximo (máis o custe do poñente elixido, se o tivera), e entregálle aos empresarios algún agasallo a decidir, ademais do diploma acreditativo da súa colaboración.



Execución ano 2012



Vista previa da sala de reunións do Pleno, no Campus de Ourense

Execución orzamentaria do Consello Social: exercizo 2012

CRÉDITO INICIAL	367.850,00-€
Saldo Obligacións	271.137,87-€
Saldo Comprometido	0,00-€
Crédito Retido	1.353,10-€

CRÉDITO DISPOÑIBLE	82.593-€
---------------------------------	-----------------

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	285.257-€
-------------------------------------	------------------

Execución sobre o crédito inicial 77,55%

Reunións e comparecencias



Os membros da Executiva de Presidentes, nunha das pasarelas do Campus da Universidade en Vigo

Reunións e comparecencias

O CONSELLO SOCIAL REÚNE EN VIGO Á EXECUTIVA DE PRESIDENTES DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

A Universidade de Vigo acolleu o 25 de setembro a reunión do Comité Executivo da Conferencia de Consellos Sociais, asociación que aglutina aos Consellos Sociais das universidades públicas e privadas españolas. O encontro de este órgano que xestiona e representa os intereses da Conferencia, estivo presidido polo seu presidente, Joaquín Moya-Angeler, e contou coa presenza dos presidentes que forman parte dela, entre eles como anfitrión Ernesto Pedrosa, presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, ademais dos presidentes dos Consellos Sociais de Huelva, Navarra, Zaragoza, As Palmas, Córdoba e Cartaxena, e representantes da Universidade de Barcelona, da Politécnica de Valencia e da Universidade Antonio Nebrija.

Vigo acolleu por primeira vez a celebración do Comité Executivo, un encontro sempre convocado ata agora en Madrid, e que a Conferencia decidiu descentralizar cun dobre obxectivo: potenciar a visualización dos Consellos Sociais e coñecer de primeira man a realidade das universidades asociadas. Para elo, a estancia dos representantes da Conferencia completouse cun encontro con Sa-



O Reitor don Salustiano Mato ofrece unha recepción oficial á Executiva na sala do Reitorado

Iustiano Mato, Reitor da Universidade de Vigo, así como a visita a CTEXVI e á Estación Marítima de Toralla.

Durante a reunión do Comité, no Edificio Miralles do Campus vigués, foi presentado o manual de Protocolo para Consellos Sociais de España, un estudio elaborado polo Consello Social da Universidade de Vigo en colaboración co profesor Fernando Ramos. Ademais, abordáronse diferentes cuestións como as actividades realizadas ao longo de 2012, a celebración das próximas xornadas de Conferencia, así como o informe sobre a aplicación das contas de 2012.

A Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas é unha asociación creada en marzo de 2005 que aglutina aos Consellos Sociais das 47 universidades públi-



Reunión da Executiva, presidida por don Joaquín Moya

cas españolas e, desde o ano pasado, tamén a Consellos Sociais das universidades privadas. Desde a súa constitución, a Conferencia de Consellos Sociais ven traballando de forma intensa para establecer un foro de reflexión permanente sobre a educación superior española, contribuír a acadar unha universidade de excelencia e unir forzas para impulsar políticas que reforcen o papel social que han de desempeñar.

Entre as liñas estratégicas sobre as que traballa actualmente a Conferencia encóntranse: lograr introducir melloras no gobernos das universidades, aproximando o modelo de goberno ao existente nas universidades europeas; acadar unha maior transparencia; ser mediadores e incentivar o diálogo ante as reformas universitarias que se están levando a cabo; e propiciar un incremento da transferencia de coñecemento entre o mundo da empresa e a universidade.

O CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO PRESENTA UN MANUAL PROTOCOLARIO DOS CONSELLOS SOCIAIS

Durante a reunión que mantivo en Vigo o Comité Executivo da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, abordáronse distintos asuntos entre os que destaca un Manual de Protocolo para os Consellos Sociais, elaborado no Consello Social de Vigo coa colaboración do profesor Fernando Ramos. O documento recompila por primeira vez toda a normativa aplicable e desenvolve unha serie de orientacións aplicables a nivel nacional.



O profesor don Fernando Ramos durante a presentación aos presidentes e secretarios asistentes

Os Consellos Sociais poderán homologar a precedencia dos seus presidentes en actos oficiais dentro e fóra do ámbito universitario, e disporán dun texto que sirva de guía para a súa visibilidade nos acontecementos oficiais académicos ou públicos. A partir da análise xurídica dos distintos textos legais que amparan a existencia dos Consellos Sociais e das normas protocolarias en uso, o texto define un abanico de suxestións de aplicación xeral, flexible e indicativo, que posibilitará un marco común para a visibilidade dos Consellos Sociais. O documento permitirá unificar o tratamento protocolario dos Consellos Sociais, que ata a data estívose desenvolvendo de moi diferente maneira e con moi distintos criterios, sempre sometida aos usos e costumes marcadas polos protocolos de cada universidade ou territorio.

XORNADAS DE PRESIDENTES E SECRETARIOS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

XORNADAS EN BARCELONA 25 e 26 DE OUTUBRO

Consello Social – Universitat Pompeu Fabra. Presidenta:
Núria Basi
Secretaria: Margarida Gual i Perelló

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universitat Pompeu Fabra ás que asistiron o presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, e o secretario, don Ignacio Rodríguez Iglesias.

Baixo o título xenérico “Cambios na Gobernanza Universitaria: ¿evolución ou revolución?”, o programa foi o seguinte:

Día 25, xoves:

Apertura das xornadas.

Interveñen:

Don José Ignacio Wert Ortega. Ministro de Educación, Cultura y Deporte.

Don Andreu Mas-Colell. Conseller de Economía e Coñecemento da Generalitat de Catalunya.

Don Joaquín Moya-Angeler. Presidente de la Conferencia de Consellos Sociais.

Josep Joan Moreso. Reitor da Universitat Pompeu Fabra.
Núria Basi. Presidenta do Consello Social da Universitat Pompeu Fabra.

Conferencia marco.



Barcelona, 25 y 26 de Octubre de 2012

Auditorio del Campus de la Ciutadella de la Universitat Pompeu Fabra
Ramon Trias Fargas, 25-27. 08005 Barcelona

"La institución do coñecemento por excelencia, hoxe".

Manuel Trajtenberg. Presidente del Comité de Planificación e Orzamentos do Consello da Educación Superior de Israel.

Mesa redonda 1.

"Modelos de goberno de universidades para chegar a ser motor do desenvolvemento económico e social".

Interveñen:

Marja Makarow. Vicepresidenta da Academia de Finlandia e Vicepresidenta do Consello da Aalto University.

Israel Ruiz. Vicepresidente Executivo de Finanzas e Tesorero do Massachusetts Institute of Technology.

Manuel Trajtenberg. Presidente del Comité de Planificación e Orzamentos do Consello da Educación Superior de Israel.

Modera:

Mònica Terribas. Periodista.

Mesa redonda 2

"Crecemento social, universidades e gobernanza"

Interveñen:

Salvador Alemany. Presidente do Consello Asesor para a Reactivación Económica e o Crecemento e Presidente do Consello social da Universitat de Barcelona.

Guillem López Casasnovas. Catedrático de Economía da Universitat Pompeu Fabra.

Lluís Torner. Director do Instituto de Ciencias Fotónicas e Presidente da Asociación Catalá de Centros de Investigación.

Modera:

Manuel Campo Vidal. Periodista.

Debate final

"As 5 cuestións do cambio: Que, quen, como, cando e canto"

Interveñen:

Montserrat Gomendio. Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades.

Antonio Castellà. Secretario de Universidades e Investigación da Generalitat de Catalunya.

Adelaida de la Calle. Presidenta da Conferencia de Reitores das Universidades EspaÑolas.

Joaquín Moya-Angeler. Presidente da Conferencia de Consellos Sociais.

Ramón Roca. Presidente do Consello social da Universitat de Lleida.

Modera:

Manuel Campo Vidal. Periodista.

Conclusíons

"Que destacan, que opinan"

Manuel Campo Vidal. Periodista.

Clausura

Interveñen:

Montserrat Gomendio. Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades.

Antoni Castellà. Secretario de Universidades e Investigación da Generalitat de Catalunya.

Joaquín Moya-Angeler. Presidente da Conferencia de Consellos Sociais.

Joaquim Boixareu. Presidente do Consello Social da Universitat Politécnica de Catalunya.

Día 26, venres:

Presentación do Manual-Guía de Protocolo para os Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Intervén:

Fernando Ramos Fernández. Profesor Doutor de Ciencias da Información da Universidade de Vigo.

Extracto da intervención do presidente, don Ernesto Pedrosa Silva:

"Un asunto como o que imos tratar hoxe aquí, ben merece madrugar. Porque nos axudará aos Consellos Sociais nunha tarefa que entendo fundamental para mellorar, ampliar e acercar a nosa identidade, os nosos cometidos e as nosas fortalezas ante a sociedade e ante os interlocutores implicados na ensinanza universitaria. Porque -quiero matizar- a nosa acción exterior deberá planificarse sempre a partir das nosas fortalezas e non das nosas debilidades. E na comunicación ou no protocolo deberá ser tamén así. Sempre.

Desde o Consello Social da Universidade de Vigo defendemos de forma constante que a comunicación é un vehículo imprescindible para que os Consellos Sociais adquiramos autonomía, espazo propio e visibilidade. E o que imos a facer hoxe é inxectarlle poten-

cia e estabilidade a ese vehículo, para avanzar coa maior eficacia e seguridade sobre as sinuosas estradas e entre as complicadas e confusas sinais polas que tan a miúdo debemos movernos os Consellos Sociais.

Dicía un xa ex-reitor que cando non sabemos a onde imos, se imos todos xuntos, a algúñ sitio chegaremos. Os Consellos Sociais imos atopando pouco a pouco o camiño de saída do labirinto ao que as veces parece que nos enviou o lexislador, e no que a miúdo nos ven os medios de comunicación. O estudo que hoxe presentamos facilitaranos esa viaxe común cara á comunicación necesaria, serviranos de GPS na ruta, e de declaración de intencións, porque a velocidade obrigarános a mirar cara adiante e aproveitar mellor as nosas prestacións.

Desde o Consello Social da Universidade de Vigo promovemos a elaboración deste estudo atendendo a un encargo que nos fixo a Conferencia de Consellos Sociais. O profesor Fernando Ramos investigou, documentouse e traballou durante varios meses neste Manual-guía que hoxe presentamos. Foi unha labor esixeente por non existir precedentes e pola dispersión nos comportamentos protocolarios dos distintos Consellos. Pero valeu a pena. Estou convencido de que a aplicación deste Manual farámos más visibles, más útiles e más presentes ante quen necesitamos ser comprendidos, valorados e respectados.

Grazas profesor, e grazas a vostedes por apadriñar coa súa presenza esta oportunidade de crecer todos xuntos”.

CONVOCATORIAS E REUNIÓNS

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás sesións do Pleno do Consello Galego de Universidades que de seguido se citan, coas correspondentes ordes do día:

28 MARZO

(Santiago de Compostela)

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 12 de decembro de 2011.
2. Asuntos para coñecemento.
 - a. Normativa publicada.
 - b. Convocatoria de prazas profesorado universitario contratado.
3. Informe sobre o anteproxecto da Lei de Fomento da Investigación e da Innovación en Galicia.
4. Informe sobre o anteproxecto da Lei do Sistema Universitario de Galicia.
5. Información sobre a solicitude de autorización previa de envío a verificación de títulos universitarios oficiais para implantar no curso 2012/2013.
6. Información sobre a solicitude de autorización previa de envío a verificación de modificación de títulos universitarios oficiais.
7. Información da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia
8. Informe sobre o cambio de denominación de centros na Universidade da Coruña.
9. Informe sobre a Orde pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, pola que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
10. Designación de representante das universidades públicas de Galicia nos seguintes órganos:
 - a. Axencia Galega de Innovación.
 - b. Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL).
 - c. Xunta Consultiva de Contratación da Xunta de Galicia.
11. Rogos e preguntas.

2 XULLO

(Santiago de Compostela)

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 28 de marzo de 2012.
2. Informe ao Consello Galego de Universidades
3. Asuntos para coñecemento:
 - a. Normativa publicada.
 - b. Convocatoria de prazas de profesorado universitario contratado.
4. Informe sobre o Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2012/2013.
5. Informe sobre a autorización de implantación de titulacións nas universidades do SUG para o curso 2012/2013.
6. Informe sobre o cambio de denominación do Máster Universitario en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida da Universidade de Vigo.
7. Designación de dous representantes das universidades públicas de Galicia no Consello da Cultura Galega.
8. Presentación do vídeo promocional do SUG.
9. Rogos e preguntas.

1 OUTUBRO

(Santiago de Compostela)

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 2 de xullo de 2012.
2. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - a. Normativa publicada.
 - b. Convocatoria de prazas de profesorado universitario contratado.
4. Información sobre a renovación da composición dos membros dos consellos sociais das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
5. Informe sobre a normativa de permanencia nas titulacións de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela.
6. Informacións das conclusións da xuntanza do 24 de setembro de 2012, sobre as titulacións de máster do Sistema Universitario de Galicia.
7. Informe sobre a proposta de revogación de titulacións de máster.
8. Rogos e preguntas.



A reunión estivo presidida polo Conselleiro de Educación, don Jesús Vázquez, á dereita da fotografía

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á xuntanza do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia que de seguido se cita, coa correspondente orde do día:

2 MAIO
(Santiago de Compostela)

1. Situación actual dos estudos de inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia.

PADROADO DA FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á xuntanzas do Padroado da Fundación da Universidade de Vigo que de seguido se cita, coa correspondente orde do día:

24 MAIO

(Vigo)

1. Lectura e aprobación se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, da modificación dos Estatutos da Fundación Universidade de Vigo.
3. Aprobación, se procede, da proposta de outorgamento e delegación de poderes da Fundación.
4. Aprobación, se procede, das instrucións internas de contratación.
5. Aprobación, se procede, da contratación temporal de dúas persoas para realizar labores de comunicación no Campus de Vigo.
6. Rogos e preguntas.

21 XUÑO

(Vigo)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, das Contas Anuais do exercicio 2011.
3. Aprobación, se procede, da Memoria da Fundación do exercicio 2011.
4. Aprobación, se procede, da proposta de consolidación de postos e organizativa do Centro de Linguas.
5. Rogos e preguntas.

28 SETEMBRO

(Vigo)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, da acta do Consello Executivo do 26 de abril de 2012.

3. Aprobación, se procede, da instrución de aplicación do R.D.L. 20/2012 de 14 de xullo en materia de retribucións ao persoal da Fundación.
4. Aprobación, se procede, da proposta de distribución da xornada laboral do persoal da Fundación.
5. Aprobación, se procede, da proposta para a realización da Auditoría de Contas da FUVI do exercicio 2012.
6. Informe da Dirección sobre a tramitación de convenios e encomendas de xestión.
7. Aprobación, se procede, do procedemento de xestión de listas de agarda da FUVI.
8. Rogos e preguntas.

20 DECEMBRO

(Vigo)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da dirección e memoria de actividades 2012.
3. Aprobación, se procede, do Plan de actuación e Orzamento da Fundación de 2013.
4. Rogos e preguntas.

ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás seguinte reunións da Asemblea Xeral da Asociación Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas, coas seguintes ordes do día:

30 MAIO

(Madrid)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 12, de data 17 de novembro de 2011.
2. Informe do presidente.
3. Acordos que procedan en torno á presentación das contas anuais da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas correspondentes ao exercicio económico 2011.
4. Presentación das actuacións a levar a cabo polas comisións da Conferencia. Acordos que procedan.
5. Próximas xornadas da Conferencia de Consellos Sociais. Acordos que procedan.
6. Presentación do libro “A reforma da universidade española” a cargo do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña e Manuel Arenilla Sáenz.
7. Rogos e preguntas.

25 OUTUBRO

(Barcelona)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 13, de data 30 de maio de 2012.
2. Informe do presidente.
3. Informe dos Presidentes das Comisións.
4. Proposta e aprobación, se procede, do presupuesto da Conferencia para 2013.
5. Proposta de modificación puntual dos Estatutos da Conferencia. Acordos que procedan.
6. Proposta e aprobación, se procede, das normas a aplicar no proceso de renovación do presidente e resto de membros do Comité Executivo da Conferencia. Acordos que procedan.
7. Rogos e preguntas.

Durante a celebración das Xornadas da Conferencia de Consello Sociais, o presidente presentou o Manual-Guía de protocolo para os Consellos Sociais elaborado polo Profesor Doutor en Ciencias da Información da Universidade de Vigo, don Fernando Ramos.

COMITÉ EXECUTIVO DA CONFERENCIA DE ONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás seguinte reunións do Comité Executivo, coas seguintes ordes do día:

1 MARZO / 10 ABRIL

(Madrid)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 22, de data 7 de novembro de 2011.
2. Informe do presidente. Acordos que procedan.
3. Informe dos presidentes das Comisións.
4. Acordos que procedan en torno á incorporación de novos asociados.
5. Informe sobre a enquisa realizada para coñecer o estado e prioridades da Conferencia. Acordos que procedan.
6. Acordos que procedan en torno á convocatoria da próxima reunión da Asemblea Xeral da Conferencia.
7. Rogos e preguntas.

7 MAIO

(Madrid)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 23, de data

- 1 de marzo con continuidade o 10 de abril de 2012.
2. Informe do presidente. Acordos que procedan.
 3. Acordos que procedan en torno á formulación das contas anuais da Conferencia correspondentes ao exercicio económico 2011, para súa elevación á Asemblea Xeral.
 4. Acordos que procedan en torno ás actuacións propostas polas comisións da Conferencia para executar en 2012.
 5. Acordos que procedan en torno á reunión prevista levar a cabo co Ministro de Educación, Cultura e Deporte.
 6. Rogos e preguntas.

25 SETEMBRO

(Vigo)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 24, de data 7 de maio de 2012.
2. Informe do presidente. Acordos que procedan.
3. Informe dos presidentes das Comisións.
4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos Estatutos da Conferencia para a súa elevación á Asemblea Xeral.
5. Acordos que procedan en torno á celebración das próximas Xornadas da Conferencia de Consellos Sociais a celebrar en Barcelona.
6. Informe sobre o estado de execución do presupuesto da Conferencia correspondente a 2012. Acordos que procedan.
7. Rogos e preguntas.

Os membros do Comité foron recibidos polo Reitor da Universidade de Vigo e visitaron as instalacións do Edificio CITE XVI e a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).

COMISIÓN DE SECRETARIOS DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O secretario do Consello Social, **don Ignacio Rodríguez Iglesias**, en calidade de vocal, asistiu ás seguintes reunións da Asemblea de Secretarios de Consellos Sociais coas seguintes ordes o día:

29 MAIO

(Madrid)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe do Secretario da Conferencia.
3. Informe da presidenta.
4. Temas para posibles encontros técnicos.
5. Elección de 4 membros para o Comité Executivo dos Secretarios.
6. Rogos e preguntas.

26 OUTUBRO

(Barcelona)

1. Aprobación, no seu caso, da acta da sesión do 29 de maio de 2012.
2. Presentación do documento de boas prácticas dos Consellos Sociais Universitarios.
3. Proposta de novos encontros técnicos de secretarios. Outras propostas.
4. Informe do secretario da Conferencia.
5. Informe da presidenta.
6. Rogos e preguntas.

ACTOS VARIOS DE INTERESE

Entre outros, destacan os seguintes:

- 13.01.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto de apertura do Curso de Formación en Competencias Horizontais, organizado pola Cátedra Bancaja Xoves Emprendedores da UVigo e pola Área de Emplego da UVigo.
- 27.01.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto académico da festividáde de San Tomé de Aquino e á investidura, como doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, de don José Manuel Silva Rodríguez. Don Ernesto Pedrosa sitúase na mesa de presidencia.
- 31.01.12** O presidente reuniese con profesores da Facultade de Belas Artes. Posteriormente reúnese co presidente e vicepresidente de Asociación de Amigos e máis tarde co profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Álvaro López Mira.
- 02.02.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto de entrega do "III Premio Fundación CYD de Periodismo 2011" e á mesa redonda "A Universidade e os Medios de Comunicación".
- 03.02.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto académico de San Raimundo de Peñafort e á entrega da insignia de ouro da Universidade de Vigo ao profesor doutor Carlos Palao Taboada, catedrático de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade Autónoma de Madrid e membro honorífico do



Don Ernesto Pedrosa, á dereita do Reitor, durante o acto académico de Santo Tomé de Aquino



Imaxe da mesa presidencial no acto de San Raimundo de Peñafort

- claustro de profesores da Facultade de Dereito de Ourense. Don Ernesto Pedrosa sitúase na mesa da presidencia.
- 13.02.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto organizado con motivo do lanzamento do picosatélite XaTcobeo retransmitido en directo desde a Güiana francesa.
- 16.02.13** O presidente reuniese co profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Alberto Pena.
- 01.03.12** O presidente acudiu ao acto de presentación da publicación do Informe "Normativas de Permanencia. Reflexións de futuro" elaborado pola Axencia Nacional de Evaluación de Calidade y Acreditación (ANECA).
- 07.03.12** O presidente asistiu a unha reunión co secretario xeral de universidades xunto cos presidentes dos consellos sociais da Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña para tratar sobre a Lei de Universidades de Sistema Universitario de Galicia.
- 14.03.12** O presidente interveu na entrega de premios do Campus ConVida organizado polo Campus de Ourense.
- 15.03.12** O presidente reuniese coa directora da E.U. de Maxisterio "María Sedes Sapientiae" do Campus de Vigo, e posteriormente co presidente do Tribunal de Garantías.
- 20.03.12** O presidente abriu o acto de apertura das Xornadas "O dereito á reinserción sociofamiliar dos nenos, nenas e adolescentes" organizado por profesores da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo.
Extracto da intervención do presidente, don Ernesto Pedrosa Silva:
"Di a lei que o Consello Social deberá facer o posible para que os membros da comunida-



Don Ernesto Pedrosa, co Reitor e a Vicerreitora do Campus de Ourense (esquerda), no Campus con Vida.

de universitaria cumpran coas súas responsabilidades, co fin de satisfacer as necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade. Tamén lle indica ao Consello Social que procure que a universidade satisfaga as necesidades do seu entorno, contribuíndo ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia.

De igual modo encoméndalle que promova o coñecemento mutuo entre universidade e sociedade, favorecendo e organizando eventos que difunden o labor da institución académica.

Ademais pídelle que estimule as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.

E encárgalle que favoreza as actividades orientadas a completar a formación científica, cultura e humanística dos universitarios, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade.

Ante esta cascada de responsabilidades, comprenderán que hoxe non podía facer outra cousa que non fora estar aquí.

Pero non estou soamente polo que a lei di, senón tamén polo que non di: porque é necesario que as universidades dean respostas e que a sociedade confíe nelas; porque a universidade debe reforzar a responsabilidade social nas actuais circunstancias, e esa responsabilidade obriga a transformar o permanente e inmutable en beneficio da comunidade e dos seus retos.

Sempre digo que os estudiantes deben estar no centro de atención das universidades. En primeiro lugar porque están chamados a ser os grandes protagonistas do cambio na universidade; pero tamén porque cos estudiantes –non só ensinados, senón tamén educados– a universidade entra no corazón da sociedade. E nesta dirección traballamos os Consellos Sociais, nun labor no que tamén resultan moi valiosos os investigadores porque eles son hoxe o factor de atracción universitario más visible para os medios de comunicación. Nesta liña tamén estamos.

E finalmente, están nas nosas prioridades actos abertos e de prestixio como estas Xornadas, porque a formación é un instrumento fundamental para que a sociedade prospere; porque axuda ao aprendizaxe ao longo da vida; porque moitos problemas sociais como os que aquí se suscitan arránxanse con máis educación e formación; porque se xeran e difúndense valores desde o coñecemento; e, en definitiva, porque nos ensinan a vivir, a convivir e a entendernos mellor.

.....

Comprácame, polo tanto, participar neste acto; agradezo aos organizadores e poñentes a súa contribución a esta causa; recoñezo á universidade nesta dirección; e gustaríame incorporar á lei de Consellos Sociais algunas destas reflexións que, a día de hoxe, aínda non recolle de forma suficiente, quizais porque o lexislador quixo deixar abertos moitos camiños para desenvolver o noso cometido, pero con as que nos identificamos, porque o mellor ranking que podemos encabezar é o ser útiles ao noso entorno.

Esperamos con interese o resultado desta Xornadas.

27.03.12 O presidente asistiu á sinatura do convenio entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense “Bolsas Ourense no Exterior”.

O presidente asistiu á inauguración de “Os Martes ConVida” . Esta iniciativa levarase a cabo durante varias semanas e cada martes nun edificio diferente do Campus de Ourense onde se situará un stand no que se informará á comunidade universitaria sobre hábitos de vida saudables e no que se poderá realizar probas sinxelas para comprobar o estado de saúde



O Reitor Salustiano Mato, co presidente da Deputación de Ourense, J. Manuel Baltar, e don Ernesto Pedrosa

- 30.03.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto de conmemoración do 111º aniversario da orixe da Escola de Enxeñaría Industrial do Campus de Vigo. Don Ernesto Pedrosa sitúase na mesa da presidencia.
- 13.04.12** O presidente e o secretario asistiron ao acto de inauguración do “Curso de Competencias Horizontais” organizado pola ÁREA de Emprego da Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento, a Vicerreitoría do Campus de Ourense e o Consello Social da Universidade de Vigo. Don Ernesto Pedrosa intervén e preside dito acto.
- Extracto da intervención do presidente, don Ernesto Pedrosa Silva:
- “Cando falan de actividades coma esta, os xornais titulan sinxelamente que “A Universidade ensina optimismo aos seus alumnos”. Nada menos. Logo explican que se trata de que os asistentes desenvolvan capacidades que cada vez se valoran mais nas entrevistas de selección de persoal, para que se recoñezan e se aproveiten do que saben facer mellor.Bo, o máis importante é que os xornais danlle valor e espazo a estas iniciativas, porque ese interese axuda a que as universidades sexan máis coñecidas e más queridas, e, polo tanto, más útiles.*
- Como presidente do Consello Social sosteño que os alumnos son un dos compoñentes más sensibles e más dinámicos de calquera universidade. Neles reside o maior potencial porque son os mellores transmisores dos beneficios que a institución universitaria debe reportar ao seu entorno, á sociedade, e porque eles serán o reflexo máis fiable do éxito ou fracaso do modelo universitario.*
- Das incontables misións, demandas, e esixencias coas que han de convivir as universidades, a que nos reúne hoxe aquí non aparecería nunca nun ranking das 20 más relevantes. Pero o é. Tampouco sería citada entre as más urxentes. E tamén o é, porque á Universidade impórtalle intervir na formación integral dos seus alumnos e xerar valores para a convivencia. Ningún discute que o futuro está baseado nunha boa formación, que debe ser inculcada a través do coñecemento, pero tamén dos valores e as fortalezas.*
- Porque ao final do camiño disporremos de profesionais competentes.... y de cidadáns responsables, instruídos, solidarios, libres e comprometidos. E neles a sociedade recoñecerá mellor á súa universidade e outorgaralle a confianza e o apio que tanto necesita.*
-
- Cara a ese novo escenario e cara a estas novas achegas complementarias haberá que levar á Universidade, por camiños tan acertados como o que hoxe*



Don Ernesto Pedrosa entrega distinción a un dos galardonados na Escola de Enxeñaría Industrial.

nos reúne aquí, para que sexa percibida como unha marca útil e xeradora de valor, capaz tamén de proporcionar calidade de vida e benestar á sociedade.

O meu recoñecemento e a miña gratitud aos organizadores, ás empresas que aportan e comparten a súa valiosa experiencia e aos alumnos que decidiron confiar no que aquí encontrarán explicacións e razóns para seguir adiante.



Mesa presidencial do Curso de Competencias Horizontais, en Ourense

Seguro que habeis acertado, porque os resultados de cursos similares indican que esta é unha actividade moi proveitosa porque despois das sesións, os alumnos participantes amósanse más felices e con niveis máis altos de intelixencia emocional; e a súa principal demanda é que haxa máis cursos, máis sesións, e que duren máis tempo.

Estou seguro que este será tamén de proveito, e espero poder comprobarlo nos resultados".

O presidente clausurou as "IX Xornadas Sociedade e Dereito. Dereito de sufraxio, réxime electoral e partidos políticos: da Constitución de Cádiz aos nosos días". O acto tivo lugar no salón de graos da Facultade de Dereito do Campus de Ourense.

14.04.12 O presidente xunto ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, acudiu a unha visita institucional a "Edugal Salón de oferta de educación e formación" situado no recinto ferial da cidade de Pontevedra.

26.04.12 O presidente interveu no Acto de entrega de Medalla "Amigo Distinguido" 2010 organizado pola Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo. A medalla foi outorgada ao Catedrático don José Blanco Pose. No mesmo acto noméase "Membro de Honra" 2011 ao secretario do Consello Social, don Ignacio Rodríguez Iglesias.

Extracto da intervención do presidente, don Ernesto Pedrosa Silva:

"Quizá as universidades non haxan vivido nos seus case dez séculos de historia unha situación tan incerta como a que afrontan agora mesmo. Non o sei. Si sei que nós, a sociedade, as necesitamos como sempre....pero elas, hoxe, necesítannos coma nunca, más que nunca....Por primeira vez nesta relación constatamos que xa non temos que seguir remitíndonos ao futuro, porque o presente fainos necesarios, porque a procura dunha universidade próxima, eficiente, posible e educadora incúmbenos.

Porque a universidade debe relacionarse más coa sociedade, ou corre o risco de volverse irrelevante, e incluso prescindible.

Soa duro, quizá, pero son os rigores e os axustes dos tempos adversos que vivimos. Por iso quero aproveitar esta breve intervención para constatar o perigo que se cierne sobre as universidades e activar o noso compromiso máis alá do que puidésemos imaxinar cando nas orixes Consellos Sociais e Asociacións de Amigos e Antigos Alumnos marcamos os nosos horizontes. E este é, indubidablemente, o foro máis adecuado para facer estas reflexións.

Debemos admitir que os novos desafíos requieren unha nova universidade, pero debemos evitar que nese proceso quedellenos debilitada polo camiño.



O Presidente da Asociación, don José M^a Franco, e a Secretaria Xeral da UVigo, dona Inmaculada Valeije, flanquean a don Ernesto Pedrosa na mesa presidencial

É verdade que a educación non debe contemplarse como undereito sen límites, pero tampouco parece bo trasladar unha sensación de que hai que transformalo todo. Basta sinalar o nivel de acceso á universidade conquistado pola sociedade española. Pero tamén hai algúns elementos susceptibles de mellora: a universidade ten que camiñar cara a cotas elevadas de excelencia, ten que ser transparente, render contas e gastar os recursos da forma máis eficiente posible.

Revitalicemos a universidade. Berce permanente de liberdade e coñecemento. De competencia, formación, investigación e vanguardia. Non se pode recortar, amputar por amputar, cerrar por cerrar.



Dona Inmaculada Valeije entrega o diploma a don Ignacio Rodríguez

.....
Porque sen as universidades, ou con universidades desvirtuadas e despro-vistas das súas esencias, seremos menos competentes e menos capaces, ou, sinxelamente, non seremos. Porque non se trata de buscar mellores camiños cara á educación; trátase de convencernos de que a educación é o camiño.

.....
Afortunadamente, a Asociación anuda como ninguén os lazos dentro do ámbito universitario, e contribúe a tecer unha rede afectiva que ao paso do tempo vaise convertendo en raíz fecunda da vitalidade que amosa a institución académica.

Grazas e parabéns a don José María Franco e ao seu tenaz e laborioso equipo ("fan vostedes un extraordinario e meritorio traballo"), felicidades aos premiados, don José Pose e don Ignacio Rodríguez, e permítanme concluir cunha declaración firme e expresa de confianza na nosa Universidade"
Extracto da intervención do secretario, don Ignacio Rodríguez Iglesias:
"Alégrome de que acompañen á Asociación neste acto, e comprácenme especialmente algunas presenzas moi significativas para mí.

Agradezo tamén ao profesor Pose – ao que felicito- que haxa aceptado o premio este ano, porque os seus sobrados méritos permitiron que tamén me premiaran a mí. Porque os meus méritos para recibir esta distinción e a xenerosidade da Asociación que mo concede son inversamente proporcionais, pero moito, así que estou en débeda.

Axúdame que Nicanor Parra dixera que merecía o Premio Cervantes por un libro estaba por escribir; do mesmo modo, eu intentarei compensar este xeneroso recoñecemento con méritos que empeza-rei a facer desde mañá mesmo"

27.04.12 O presidente reuniese coa Vicerreitora do Campfius de Pontevedra na Casa das Campás. No mesmo día, acude ao Acto de Graduación da XIII Promoción de Licenciados en Publicidade e Relaciones



Don Ernesto Pedrosa, durante a entrega de distincións en Ciencias Sociais

Públicas e as VI e VII Promocións de Licenciados en Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra. O presidente sitúase na mesa da presidencia e participa na entrega das distincións académicas.

07.05.12 O presidente xunto cos membros do Comité Executivo da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas, reuniuse co Ministro de Educación, Cultura e Deporte.

09.05.12 O presidente e o secretario asistiron ao Acto de inauguración do XII Curso Complementario de Comunicación e Protocolo. O presidente sitúase na mesa da presidencia e intervén na apertura.

11.05.12 O secretario asistiu á presentación oficial do "Campus da Auga" que tivo lugar no salón de actos do edificio politécnico do Campus de Ourense.

14.05.12 O presidente asistiu á Conferencia inaugural do "Seminario de Liderado Institucional" impartida por don Francesc Pallarés na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra. O presidente sitúase na mesa da presidencia.

17.05.12 O presidente asistiu ao Acto de celebración do Día das Letras Galegas organizado pola Xunta de Galicia que tivo lugar no CIFP Valentín Paz-Andrade de Vigo.

24.05.12 O secretario asistiu á segunda xuntanza de traballo para falar da Campaña de Mecenado e Captación de Fondos.

04.06.12 O presidente e o secretario asistiron á Conferencia-almorzo que baixo o título "Novos Tempos, Novas Deputacións" celebrouse no "Forum Europa, Tribuna Galicia" en Santiago de Compostela.



Don Ernesto Pedrosa, o Decano da Facultade, don Juan Corbacho, e o profesor Fernando Ramos, director do curso

- 14.06.12** O presidente asistiu ao Acto de Graduación da X Promoción de Licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra. O presidente sitúase na mesa da presidencia e participa na entrega das distincións académicas.
- 15.06.12** O presidente asistiu ao Acto de Graduación da XIV Promoción de Dereito (rama económico-empresarial) 2007-2012 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo. O presidente sitúase na mesa da presidencia e participa na entrega das distincións académicas.
- 19.06.12** O presidente e o secretario reuníronse co profesor don Fernando Ramos Fernández.
- O presidente asistiu ao acto de entrega dos galardóns "Pontevedreses do ano 2011" que se celebrou no Centro Social Novacaixagalicia de Pontevedra.
- 22.06.12** O presidente asistiu ao acto de celebración do 20 Aniversario da Titulación de Enxeñería de Minas celebrado no paraninfo da Reitoría. O presidente sitúase na mesa da presidencia.
- O presidente asistiu ao Solemne Acto de Graduación da XV Promoción de



Mesa presidencial do acto celebrado en Enxeñaría de Minas

Licenciados en Publicidade e Relacións Públicas celebrado no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra. O presidente sitúase na mesa da presidencia.

04.07.12 O presidente asistiu ao Acto de clausura do Curso organizado polo Campus do Mar e patrocinado polo Consello Social “Comunicación na Aula: Comunicación para Ensinar” celebrado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.

Extracto da intervención do presidente, don Ernesto Pedrosa Silva:

“Quero aproveitar este encontro para referendar, como presidente do Consello Social, a nosa convicción en que o motivo que nos reúne hoxe aquí é un camiño imprescindible. E podería resumilo en que a miúdo perdémonos buscando camiños cara á comunicación, cando a comunicación mesma é o camiño.

Creo que entre os maiores valores aos que debe aspirar unha universidade están o recoñecemento, o aprecio e a confianza da sociedade que a sostén. Porque aí é onde se xogan os seus resultados e os seus recursos. Aí está a base de todo o demais. ¿E como se consegue esa comprensión?, con visibilidade. As universidades non alcanzarán os seus obxectivos ata que consigan ser material informativo fluído e transparente, ata que a sociedade as entenda, as integre, as queira e as sinta útiles.

É sabido que medios de comunicación e universidades teñen tanta vontade de aproveitarse mutuamente coma pouca predisposición ao entendemento e á renuncia. Tal e como hoxe relaciónanse podería compararse a unha gran inundación, na que o que falta é precisamente auga ... potable. E aquí é onde entra en escena a investigación e a necesidade de maior difusión científica. A investigación e a comunicación dos saberes que imos acumulando é a mellor mensaxe que pode transmitir hoxe a universidade, o mellor medio para interesar e a proposta más valiosa para que a sociedade a entenda e a valore.

.....

As mensaxes divulgativas de cultura científica, destinadas ao gran público e co aval de autoridade que confire o mundo universitario, constitúen un paso clave. Como o é tamén que a sociedade valore o papel dos científicos como motor de progreso, de calidade de vida, de exemplo de laboriosidade e de dedicación e tamén de ilusión polo traballo honesto e ben feito. E quero desenvolver esta última idea, polos investigadores non nos abren só novos horizontes, máis progreso e maior benestar senón que nos permitirán recuperar valores esenciais para o devir humano, que vostedes, coa

súa labor e co seu método, mantiveron a salvo, e que agora servirán de exemplo.

.....
O consello Social que presido iniciou estes cursos de comunicación para investigadores fai cinco anos. Con vostedes, e co Campus do Mar, satisfaçemos as nosas mellores expectativas, e recibimos o maior estímulo...para seguir traballando nesta dirección. Máis seguros e más confiados en que só cando cambiemos o foco informativo sobre a percepción social das universidades, e consigamos que o saber substitúa nos periódicos ás habituais noticias dos conflitos e as sospeitas, só entón, faríamos o noso traballo. Moitas grazas por explorar este camiño, e espero que nos volvamos a atopar pronto. Xa lles dixen que son vostedes a nosa maior esperanza.

09.07.12

O presidente abriu o Acto de Inauguración das Xornadas "Os Retos da Educación do Século XXI" no Centro Social Novacaixagalicia de Vigo.

Extracto da intervención do presidente, don Ernesto Pedrosa Silva:

" Nesta mesa expuxéronse perspectivas enriquecedoras sobre o motivo que nos convoca hoxe aquí. O ambicioso programa que se desenvolverá dende este momento fainos concibir moitas esperanzas. E é esta unha das citas nas que os Consellos Sociais atopámonos especialmente satisfeitos, dende a confianza na aprendizaxe dende o respecto e a comprensión, porque son retos básicos áinda hoxe. Por iso outorgamos un valor especial a iniciativas que estimulen e faciliten o debate, a reflexión, a análise e a aprendizaxe para saber vivir xuntos; e sumamos os nosos esforzos á creación de espazos de encontro coma este, que nos melloren e proporcionennos valores sólidos.

Curiosamente, e falo do ámbito universitario, as últimas propostas inspiradas en Bolonia, que marcan o futuro no modelo de educación superior, más relacionado coa aprendizaxe, non son sino o retorno a 1.500 anos atrás, cando Confucio deixou dito: "Contáronmo, e esquecino; Vino, e entendino; Fíxeno e aprendino". Ese é o resumo do espírito de Bolonia. É un exemplo de como os sistemas complexos responden a miúdo a leis simples, e a estendida percepción actual de que é preciso un profundo cambio de modelo educativo non é máis que unha volta aos orixes.

Feitas estas reflexións, non me estenderei moito máis que para dicir que hoxe, coma nunca, Universidade e Sociedade deben ser socios de confianza e deben recoñecerse. E debe ser un obxectivo avanzar e mellorar na percepción que a sociedade posúe da educación superior. A comunicación e as novas tecnoloxías que alteran profundamente a forma de transmitir

coñecementos son claves neste escenario.

Pero dado que a conciencia dos informadores pertence ao ámbito da moral e a súa tarefa está relacionada coa ética, quizá o sistema educativo teña aí outro reto: mergullarse no común como raíz da formación, propiciando a creación de novos códigos informativos, novos métodos de análise, novas fórmulas de expresión e novos valores para enfocar a realidade. Os medios de comunicación poderían entón dispoñer de novas ferramentas de interpretación e validación, tendo en conta que os recordos e as miradas enriquecen porque aportan coñecemento, testemuña e opinión fundada. Pero poñéndose alerta en tempos nos que o futuro búscase 1.500 anos atrás.

E quero rematar afirmando que xornadas excelentes coma esta axúdannos a superar complexos e evitar melancolías: universidades boas haberá moitas, pero nós xa temos unha: a que nos fai mellores”.

- 16.07.12** O presidente acudiu aos Actos de Xura de Bandeira das Damas e Cabaleiros Aspirantes do primeiro curso e a Entrega de Reais Despachos aos Novos Oficiais, que tiveron lugar na Escola Naval Militar de Marín.
- 17.07.12** O presidente acudiu á rolda de prensa de presentación do Campus ConVida organizado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense e patrocinado polo Consello Social.
- 20.07.12** O presidente acudiu á firma da Acta de Recepción do Informe de Auditoría de Contas da Universidade de Vigo no exercicio 2011.
- 07.09.12** O presidente e o secretario asistiron ao Solemne Acto de Apertura conxunto para as tres Universidades Galegas do Curso Académico 2012/2013 no Paraninfo da Universidade de A Coruña. O presidente sitúase na mesa de presidencia.
- 20.09.12** O presidente pechou o Acto Académico de Apertura do Máster en Avogacía pola Universidade de Vigo celebrado no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo.
- 27.09.12** O presidente interveu no Acto de Inauguración do Máster en Lingua e Comunicación nos Negocios celebrado no Club Financeiro de Vigo.
- 02.10.12** O presidente acudiu á Cerimonia de Entrega dos Premios Nova Economía Fórum, ao Presidente da República Portuguesa e ao Presidente da República Italiana baixo a presidencia de S.M. o Rei don Juan Carlos I. O acto tivo lugar no Teatro da Zarzuela.
- 18.10.12** O presidente e o secretario asistiron ao Seminario “Estratexias de Integración para Estudiantes Universitarios de Novo Ingreso” organizado pola Cátedra UNESCO de Xestión e Política Universitaria no marco do

- Programa de Estudos e Análises do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O Seminario celebrouse na Universidade Politécnica de Madrid.
- 06.11.12** O presidente interviu no acto de apertura do "XI Memorial Filgueira Valverde" dedicado ao arquitecto pontevedrés don Alejandro de la Sota. Don Ernesto Pedrosa sitúase na mesa de presidencia.
- 08.11.12** O presidente acudiu ao Concierto de Carlos Núñez con motivo da celebración da Reunión do Panel Internacional de Cambio Climático en Vigo.
- 19.11.12** O presidente asistiu ao almorzo de traballo que a Fundación CYD, en colaboración co Círculo de Empresarios de Madrid, organizou coa presenza de don Octavi Quinta, Director da European Research Area da Comisión Europea e don Juan Antonio Zufiría, Presidente de IBM España, Portugal, Galicia, Grecia e Israel. O obxectivo deste encontro foi o de contrastar o sistema de innovación, investigación e transferencia a nivel europeo coa experiencia da gran empresa en España.
- 23.11.12** O presidente visitou as instalacións que AJE cede á Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra para o proxecto Incubi-Emprende e que serán ocupadas polos gañadores dos Premios Incubi que galardoarán aos mellores proxectos emprendedores.



Don Ernesto Pedrosa e o Vicerreitor J.A. Vilán (á dereita) entre os asistentes

- 29.11.12** O presidente asistiu á IV Xornada do Seminario Bienal "En pos da Educación Activa", titulada "Taller de Boas Prácticas: presentación de experiencias da Educación Activa". Ditas Xornadas foron organizadas pola Cátedra UNESCO de Xestión e Política Universitaria co obxectivo de ofrecer un espazo de reflexión en torno ao estado e o futura de educación superior no noso país.
- 30.11.12** O presidente asistiu á XVII edición do Premio Xoven Empresario do Ano, galardón que valora a orixinalidade, calidade e sostenibilidade das iniciativas empresariais creadas polos nosos xóvenes.
- 08.12.12** O presidente asistiu ao acto conmemorativo do XXXIV Aniversario da Constitución Española organizado pola Subdelegación do Goberno de Pontevedra.
- 10.12.12** O presidente asistiu a unha visita institucional ao Centro Universitario da Defensa en Marín
- 13.12.12** O presidente abriu o acto de Inauguración das "II Xornadas sobre cuestións prácticas de Dereito Procesual Civil".
- 17.12.12** O presidente acudiu ao Concerto de Nadal da Universidade de Vigo celebrado no centro cultural Novacaixagalicia de Vigo.
- 18.12.12** O presidente acudiu ao Concerto de Nadal organizado pola Cátedra "Almirante Álvarez-Osorio e a Universidade Vigo no auditorio do Centro Social fide Novacaixagalicia de Pontevedra.
- 19.12.12** O presidente asistiu ao encontro de empresarios e directivos das tres universidade galegas con don Ángel Ron, presidente do Banco Popular. O obxectivo foi coñecer como observa o panorama económico xeral unha personalidade con tan altas responsabilidades no sistema financeiro español.
- 20.12.12** O presidente asistiu ao acto conmemorativo do 114 aniversario da presentación na Sociedade Xeográfica de Madrid, da Teoría do nacemento en Porto Santo (Pontevedra) do descubridor Cristóbal Colón, polo ilustre investigador pontevedrés don Celso García de la Riega.



Organizadores e colaboradores da iniciativa,
ao comezo do acto sobre Cristóbal Colón

Outras actividades



Vista da Facultade do Eficio de Ferro, no Campus de Ourense

Outras actividades do Consello Social

INICIATIVAS

· Programa de Bolsas “Ourense no Exterior”

Mediante un convenio entre a Universidade de Vigo, o Consello Social e a Deputación provincial, OURENSE EXTERIOR abre as portas do Campus de Ourense a través dun sistema de bolsas a todos os estudantes residentes no exterior que queíran comezar os seus estudos de Máster en calquera das titulacións que oferta este campus.

O número de bolsas será de dez, que sufragarán os gastos derivados de taxas de matrícula no centro que corresponda, aloxamento en España durante o curso académico 2012/2013 e gastos da viaxe.

A universidade de Vigo, en termos absolutos, é a institución galega que máis estudiantes estranxeiros recibe e a que máis alumnos manda a estudar fóra da comunidade. Proporcionalmente está entre as cinco universidades españolas con maior mobilidade de alumnado.




El Programa OURENSE EXTERIOR pretende contribuir a la oferta de la formación educativa superior para españoles o sus descendientes hasta el grado inclusivo, residentes en el exterior, y para estudiantes extranjeros/as residentes en el exterior. Constituye un instrumento destinado para favorecer la permanencia en el sistema de estudios de la Universidad de Vigo, que va a dar paso a estudiantes internacionales son un indicador de la calidad educativa de una institución universitaria y son un objetivo de los planteamientos del Espacio Europeo de Educación Superior (E.E.E.S.).



El número de becas será de DIEZ, que sufragarán los gastos derivados de:

- ✓ Tasas de matrícula en el centro que corresponda.
- ✓ Alojamiento en España durante el curso académico 2012/13.
- ✓ Gastos de viaje .



BENEFICIARIOS «BOLSAS OURENSE NO EXTERIOR» 2012/2013

APELIDOS	NOME	TITULACIÓN PARA A QUE SOLICITA BOLSA	PAÍS DE ORIXE
RIOL MARTÍNEZ	JULIÁN	MÁSTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE	FRANCIA
EVANGELINA NARVAJA	MARÍA	MÁSTER EN INVESTIGACIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA	ARGENTINA
DEL VALLE	ADRIANA	MASTER EN DIRECCION Y PLANIFICACION DEL TURISMO	ARGENTINA
FERNÁNDEZ TINEO	MARÍA DE LA PAZ	MÁSTER EN CIENCIA Y TECNOLOGÍA AGROALIMENTARIA	REPÚBLICA DOMINICANA
FONSECA CANELAS	RICARDO JORGE	MÁSTER EN CIENCIAS DEL CLIMA: METEOROLOGÍA	PORTUGAL
LUNA THORRENS	ENRIQUE FEDERICO	MÁSTER EN INTERVENCIÓN MULTIDIPLINAR EN LA...	COLOMBIA
BASTOS LOPES	CARINA DE LURDES	MÁSTER EN CIENCIAS CEL CLIMA: METEOROLOGÍA	PORTUGAL
JESÚS SOUSA SANTOS	TANIA DANIELA	MASTER EN DIRECCION Y PLANIFICACION DEL TURISMO	PORUGAL
MALASPINA ABINZANO	NAHUEL ANDRÉS	MÁSTER EN DIRECCIÓN Y PLANIFICACIÓN DEL TURISMO	ARGENTINA
SILVA SANTIAGO	EUGENIA	MÁSTER EN CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN EN...	ARGENTINA

• **Curso de Comunicación para Investigadores do Campus do Mar.**

No programa, desenvolvido os días 3 e 4 de xullo, abordáronse as seguintes cuestións:

"Claves para unha comunicación eficaz".

Interveu Manuel Campo Vidal. Director xeral e conselleiro delegado da produtora Lua Multimedia.

"A comunicación inter persoal". Identificáronse as barreiras e os obstáculos na comunicación. A aprendizaxe de adultos: resistencias, necesidades e motivacións; os estilos de aprendizaxe. Interveu Pablo Castejón Ruíz. Director de desenvolvemento profesional da Escola de Negocios Novacaixagalicia en Vigo.

"O impacto das redes sociais e das tecnoloxías móveis".

Analizáronse as características que definen a Economía Dixital e xustificouse a importancia adquirida pola información e o coñecemento nesta nova economía. Valoráronse as TIC como ferramentas necesarias para transformar as organizacións e axudar a establecer novas formas de relación.

Interveu Álvaro Gómez Vieites. Consultor TIC e profesor da área de tecnoloxías de información empresarial na Escola de Negocios Novacaixagalicia.

"O protocolo do cotián: Autoridade e eficacia do profesor". Analizouse o protocolo, dende a súa primitiva concepción á máis moderna visión de regra específica que unha organización debe aplicar en cada caso en orde aos seus obxectivos: sexa a imaxe, a eficacia, a reafirmación simbólica da autoridade, a correcta organización de roles a todos os que participa nunha determinada actividade.

Interveu Fernando Ramos Fernández. Presidente da Academia Internacional de Cerimonial e Protocolo. Autor do Código do Comité de Deontoloxía da Organización Internacional de Protocolo.

"Taller de comunicación escrita: técnicas para mellorar e convencer" . Os escritos claros e concisos xeran confianza, aumentan a produtividade e permiten aforrar tempo. Analizáronse os erros más frecuentes nos escritos habituais (correos electrónicos, cartas e informes) e realizáronse algúns exercicios enfocados a practicar a fluidez verbal e a organización dun texto.

Interveu Inmaculada Anaya Revuelta. Coordinadora do Máster Lingua e comunicación nos negocios.

"Taller de comunicación non verbal (1ª parte): o impacto na comunicación da mensaxe". Descubrir o impacto da linguaxe corporal do profesor na persuasión e xeración de empatía co alumno. Observar e interpretar adecuadamente os sinais non verbais na aula para reconducir a estratexia de comunicación.

Interveu Begoña Jamardo Suárez. Directora do Máster Internacional Business na Escola de Negocios Novacaixagalicia.

"Taller de comunicación non verbal (2ª parte): Gravación en vídeo, feedback individual". Autoevaluouse o estilo de comunicación non verbal de cada participante e realizouse unha breve simulación de aperturas de diferentes sesións lectivas para obter un feedback de mellora.

Interveu Begoña Jamardo Suárez. Directora do Máster Internacional Business na Escola de Negocios Novacaixagalicia.

"Fala, aire e persuasión". O cansanzo, o estrés e os problemas poden afectar ao ton e á calidade da voz. Analizáronse as claves para falar correctamente "sen afogarnos". Explicitáronse algúns recursos para colocar ben a voz, pronunciar ben as palabras e aprender a dominar o volume.

Interveu Roberto García Carbonel. Profesor-colaborador do American Management Association.

• Prácticums. Plan de apoio ás titulación con prácticums que atopan dificultades para realizar as prácticas preprofesionais.

Co obxectivo específico de fomentar a adaptación dos perfís de egreso dos titulados ás demandas dos empregadores, complementar a formación dos estudiantes fóra das aulas, propiciar as prácticas e mellorar as expectativas no mercado laboral, e en cumprimento das competencias de promoción e impulso das actividades universitarias recollido na normativa que lle é aplicable, o Consello Social convoca axudas ás titulacións da Universidade de Vigo que presentan maiores dificultades para que os seus alumnos accedan ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalizacións de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica profesional, así como achegar información e asesoramento aos alumnos sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da producción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticums, visitas, ponencias, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito do que se trate.

As axudas foron concedidas ás seguintes facultades:

- Facultade de Dereito. Campus de Ourense
- Estudios Superiores en Deseño Téxtil e Moda. Campus de Pontevedra
- Facultade de Bioloxía. Campus de Vigo
- Facultade de Ciencias do Mar. Campus de Vigo
- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Campus de Ourense
- Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra
- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Campus de Pontevedra

• Campaña de Mecenado e Captación de Fondos – Edición 2012

Consello Social, a Reitoría e a Fundación Universidade de Vigo acordaron realizar o ano pasado a primeira edición dunha campaña estratéxica de captación de recursos como elemento clave para o desenvolvemento da institución que tería continuidade no futuro.

A función de mecenado que practica a Universidade de Vigo ten como misión situar a institución nas primeiras posicións das empresas e institucións que contan nos seus orzamentos con partidas para este fin. Trátase de sensibilizar a opinión pública, as empresas e as administracións da importancia do mecenado para unha sociedade na que a crise económica está a realizar un dano profundo.

A campaña, que arrancou en decembro de 2011 con actuacións en prensa dixital (Voz de Galicia, Faro de Vigo, Diario de Pontevedra e La Región) e cuñas radiofónicas (Radio Vigo, Radio Pontevedra, Radio Ourense, Cope Pontevedra e Ondacero).

As mensaxes que se transmitiron foron as seguintes:

"O futuro director xeral da túa empresa estuda aquí. Inviste nel".

"A futura presidenta de Galicia formarase aquí. Inviste nela"

Na segunda edición da campaña, que tivo lugar entre o 22 e o 31 de decembro de 2012, o Consello Social foi un elemento clave na estratexia a seguir. En efecto, ademais de servir de ponte entre a Universidade e a Sociedade, unha das fundición fundamentais do Consello Social é que se observe a labor que desempeña a Universidade cara á sociedade, á que lle debe trasladar non só os problemas máis específicos ou concretos da Universidade de Vigo senón tamén a idea clave de concibir a universidade como un investimento a longo prazo, cuxos resultados se verán moitos anos máis tarde do esforzo investidor.

Deseñado un plan de comunicación, é dicir planificada a campaña e elixidos os medios de comunicación más convenientes para a realización de actuacións conforme aos obxectivos marcados (captación de fondos), aos destinatarios (administracións, empresas vinculadas á Universidade de Vigo, outras empresas, provedores, medios colaboradores e egresados) e zona xeográfica (Comunidade Autónoma de Galicia), o Gabinete do reitor encargouse de resolver a proposta de difusión da campaña, isto é a través de que medios de comunicación ía poder recibir o público a mensaxe, ademais de definir os tempos de exposición dos soportes, as datas e a frecuencia de emisión en cada un dos medios seleccionados. Ocupouse tamén da xestión comercial da compra dos espazos a



través da comunicación cos departamentos comerciais dos propios medios. En relación a actuacións en prensa dixital, a empresa No-Line Worldwide, S.L, en colaboración co Gabinete do reitor, deseñou tres creatividades diferentes que inclúan unha frase curta, atractiva e clara destinada a convencer ao público ofrecéndolle un argumento para realizar unha acción de mecenado a favor da Universidade de Vigo. En función dos obxectivos marcados e das características do público, as mensaxes publicitarias foron ás seguintes:

"Investir na Universidade de Vigo é o mellor plan de futuro para calquera empresa. Súmate aos nosos proxectos de agregación de valor".

"Investir na Universidade de Vigo é investir nunha das 500 mellores universidades do mundo. Súmate aos nosos proxectos de agregación de valor".

"Investir na Universidade de Vigo é investir no futuro de Galicia. E no da túa empresa. Súmte aos nosos proxectos de agregación de valor".

No tocante ás cuñas radiofónicas, creouse un texto de 35" de duración:

"Na Universidade de Vigo queremos contar coa túa doazón para afrontar os procesos de transformación que estamos a vivir. Os teus recursos axudarán a garantir a transferencia de coñecementos e a crecer e facerse fortes para os novos retos a través do I+D+i. Investir na Universidade de Vigo é investir nunha das 500 mellores universidades do mundo. É o mellor plan de futuro para calquera empresa. Para máis información, chama. Esta é unha mensaxe da Universidade de Vigo e do seu Consello Social".

• Apoio a Plans de Accións de Innovación Educativa.

O Consello Social colaborou co plan de accións de innovación educativa na Universidade de Vigo, consonte proposta da Vicerreitoría de alumnado, docencia e calidade, a fin de estimular e promover as experiencias innovadoras do profesorado da Universidade de Vigo, sempre que supoñan un avance na adaptación do ensino ao EEES, o achegamento as necesidades da sociedade e das empresas, aprendizaxe de competencias e mellora da empregabilidade do alumnado, ou desenvolvemento de novos sistemas de aprendizaxe mediante recursos tecnolóxicos. As accións a apoiar foron seleccionadas e aprobadas pola Comisión Executiva, e así mesmo valorouse nelas o seu compromiso coa promoción da lingua galega e o cumprimento da igualdade.

Dentro dos Plans de Accións de Innovación Educativa aprobáronse as seguintes actividades de formación do profesorado:

- Ferramentas para a detección temprana de necesidades de tipo evolutivo e emocional no ciclo 3-6 de etapa infantil.
- Xornada de actualización docente en literatura española contemporánea.
- Técnicas manipulativas e actividades lúdicas en xenética.
- Introdución da historia das ciencias e das técnicas nas aulas de ESO e Bacharelato.
- Curso de técnicas oratorias para docentes (Campus de Vigo).
- Curso de actividades experimentais nas materias científicas.
- Curso de técnicas oratorias para docentes (Campus de Pontevedra).
- Curso de deseño técnico e didáctico dun e-portafolio.

• Programa de desenvolvemento de habilidades horizontais.




O Consello Social colaborou no patrocinio do Programa de desenvolvemento de habilidades horizontais, a proposta da Área de Emprego da Universidade de Vigo. A axuda outorgada destinouse á impartición de cursos nos campus, a desenvolver a partires do mes de marzo ou abril de 2012. O obxectivo dos cursos é que os alumnos participantes adquiran coñecementos, técnicas, habilidades, valores e comportamentos que lles faciliten a posibilidade de mellorar as expectativas nos ámbitos profesional e vital.

O programa de habilidades horizontais busca aumentar a capacidade das persoas para un posterior desenvolvemento profesional óptimo. O obxectivo principal do programa é que os participantes adquieran os coñecementos, técnicas, habilidades, valores e comportamentos necesarios para mellorar as súas capacidades e benestar individual, que ao cabo supoñen a base do éxito profesional e vital.

Para elo o programa cubriu os seguintes puntos:

- Coñecer as nosas emocións, como se manifestan, de onde veñen e que provocan, tendo en conta que as nosas emocións guían as nosas actitudes e son as protagonistas das nosas decisións.
- Aprender a xestionar as nosas emocións eficazmente para que nos axuden a traballar a favor, e non en contra, dos nosos obxectivos e intereses.
- Motivarnos a nós mesmos.
- Recoñecer as emocións dos demás, establecer relacóns positivas con outras persoas.
- Aprender a aumentar os nosos niveis de benestar e felicidade a través da toma de conciencia de quen somos, e do desenvolvemento do potencial das nosas fortalezas.

PUBLICACIONES



LA IBERIDAD Y "EL CAMINO DE SANTIAGO" (Modesto Barcia Lago) Recolle unha escolma de opinións e reflexións abertas sobre a influencia do Camiño de Santiago na historia ibérica. O seu autor define este traballo como unha sinxela achega ao debate intelectual sobre a iberidade e o novo iberismo.

HISTORIA E MEMORIA DO RÉXIME DE FRANCO (José Agustín González Ares) Froito das ponencias presentadas nas Xornadas Sociedade e Dereito, organizadas no Campus de Ourense do mesmo título que dá pé ao libro, recóllese as intervencións dos diferentes relatorios, nos que se abordou un exercicio de reflexión crítica sobre a orixe, a evolución e o final da ditadura franquista, dende a visión experta de especialistas en Dereito, Economía, Historia, Cultura, Política e Sociedade.

XEÓRXICAS DO PAN (Ramón Otero Pedrayo) Un minucioso traballo de investigación levado a cabo por un equipo dirixido polo profesor Manuel Forcadela, alumear este poema inédito de Ramón Otero Pedrayo, adoptado entre os documentos do finado autor ourensán que custodia a Fundación Penzol. O interese científico e literario do achado devén do feito de que perite situar a Otero Pedrayo coma un dos grandes poetas do seu tempo, alén da súa traxectoria como narrador, historiador, ensaísta e xeógrafo.

AI DOS QUE LEVAN UN BICO NO CANTAR Edición dun CD-DVD conmemorativo dos 25 anos do Coro Universitario de Vigo, composto por pezas especialmente adaptadas.

REVISTA TRES CAMPUS (Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo) Cun contido profundamente universitario, a revista recolle de xeito vocacional toda a información que produce a institución académica, dende a óptica de quen

valoran e aprecian a súa influencia na sociedade. As novas e a actualidade da Asociación que preside don José María Franco, xunto con firmas invitadas completan o seu contido que se amosa como fondo compromiso universitario.


CARPETA-GUÍA PARA NOVOS ALUMNOS. O Consello Social edita cada ano unha carpeta-guía para os alumnos que se matriculan por primeira vez na Universidade de Vigo. Ademais da súa utilidade para gardar apuntes, traballos ou documentación diversa, contén unha relación de servizos, mapas, teléfonos e datos de interese para os estudiantes, así como un pequeno glosario coas siglas e as denominacións más habituais para unha mellor e más rápida comprensión da vida universitaria.

INVESTIGACIÓN. Cultura, Ciencia e Tecnoloxía. (José Luis Vázquez López, director). As máis destacadas investigacións teñen cabida nesta revista semestral, que cumple o seu segundo ano de existencia acadando unha notable acollida no ámbito académico e profesional.

Difunde e dá a coñecer traballos inéditos de investigadores, cunha clara vocación de servir como medio e mensaxe da comunidade científica.

A revista medrou en paxinación e ampliou o seu campo de difusión, acadando parabéns de institucións e de entidades a título colectivo e individual pola súa crecente influencia nos ámbitos afins.

MEMORIA DO CONSELLO SOCIAL 2011. Recopilación das actividades e iniciativas desenvolvidas polo Consello Social da Universidade de Vigo ao longo do ano. Dende a composición este órgano de goberno universitario ata a enumeración dos acordos e sesións celebradas polo Pleno e as Comisións delegadas, abrangue todos os traballos, comparecencias, patrocinios e decisións promovidas baixo a cobertura das súas amplas competencias.



Universidade en datos



Vista xeral do Campus de Vigo. A dereita o alongado Edificio Miralles, sede do Consello Social.

A Universidade de Vigo en datos, curso 2012-2013

Nº ESTUDANTES POR TITULACIÓN, CENTROS E CAMPUS

CAMPUS OURENSE	CURSO 2012 - 2013
Escola Superior de Enxeñaría Informática.....	609
Enxeñeiro en Informática.....	127
Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	99
Grao en Enxeñaría Informática	359
Máster Universitario en Enxeñería Informática.....	14
Máster Universitario en Sistemas de Software inteligentes e adaptables	10
Facultade de Ciencias.....	445
Enxeñeiro Técnico Agrícola	70
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	70
Grao en Ciencia Ambientais	113
Grao en Enxeñaría Agraria.....	54
Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos	14

Licenciado en Física	35
Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	24
Máster Universitario en ciencias do Clima	12
Máster Universitario en Ecosistemas Terrestres.....	15
Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías Láser.....	8
Máster Universitario en Nutrición.....	30
Facultade de Ciencias da Educación	1.508
Diplomado en Educación Social	8
Diplomado en Traballo Social	19
Grao en Educación Infantil	308
Grao en Educación Primaria	316
Grao en Educación Social.....	271
Grao en Traballo Social.....	274
Licenciado en Psicopedagoxía	127
Mestre, especialidade de Educación Especial	7
Mestre, especialidade de Educación Infantil.....	14
Mestre, especialidade de Educación Primaria	10
Mestre, especialidade de Lingua Estranxeira.....	15
Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe	26
Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar	38
Máster Universitario en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes	33
Máster Universitario no Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria	42

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo1.085

Diplomado en Ciencias Empresariais	83
Diplomado en Turismo.....	14
Grao en Administración e Dirección de Empresas	565
Grao en Turismo	233
Grao en Consultoría e Xestión da Información	27
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	16
Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa	64
Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo.....	19
Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	36
Máster Universitario en Xestión Empresarial e do Deporte...	28

Facultade de Historia.....157

Grao en Xeografía e Historia	109
Licenciado en Historia	32
Máster Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	16

Facultade de Dereito547

Grao en Dereito.....	246
Licenciado en Dereito (Rama Xeral).....	160
Máster Universitario en Avogacía.....	1
Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	2
Máster Universitario en Información Técnica do Medicamento	38

E.U. de Enfermería (Centro Adscrito)	160
Grao en Enfermería.....	144
Diplomado en Enfermería	16

TOTAL CAMPUS DE OURENSE	4.511
--------------------------------	--------------

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Escola de Enxeñaría Forestal.....	184
--	------------

Enxeñeiro Técnico Forestal.....	82
Grao en Enxeñaría Forestal	102

Facultade de Fisioterapia.....	229
---------------------------------------	------------

Diplomado en Fisioterapia	8
Grao en Fisioterapia	221

Facultade de Belas Artes	702
---------------------------------------	------------

Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	51
Titulado Superior en Deseño Téxtil e moda	45
Grado en Belas Artes	546
Licenciado en Belas Artes	8
Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	33
Máster Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación.....	19

Facultade de CC. Sociais e da Comunicación.....	917
--	------------

Diplomado en Xestión e Administración Pública	3
Grao en Comunicación Audiovisual	173

Grao en Dirección e Xestión Pública	164
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	390
Licenciado en Comunicación Audiovisual	28
Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas	68
Máster Universitario en Investigación e Comunicación	14
Máster Universitario en Dirección de Arte e Publicidade	34
Máster Universitario en Avogacía	19
Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	24

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte .1.380

Grao en ciencias da Actividade Física e do Deporte	422
Grado en Educación Infantil	313
Grao en Educación Primaria	303
Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	128
Mestre, especialidade de Educación Física.....	15
Mestre, especialidade de Educación Infantil.....	44
Mestre, especialidade de Educación Musical	20
Mestre, especialidade de Educación Primaria	31
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	10
Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde.....	23
Máster Universitario no Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria	36
Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	35

E.U. de Enfermería (Centro Adscrito)171

Diplomado en Enfermería	21
-------------------------------	----

Grao en Enfermería.....150

Centro Universitario de Defensa (Centro Adscrito)...220

Grao en Enxeñería Mecánica220

TOTAL CAMPUS DE PONTEVEDRA

3.803

CAMPUS VIGO

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación1.151

Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación,
Especialidade en Son e Imaxe.....73

Enx. Téc. de Telecomunicación,
Especialidade en Sistemas de Telecomunicación89

Enxeñeiro de Telecomunicación.....413

Grao en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación480

Máster Universitario en Aplicacións
de Procesado de Sinal en Comunicacións.....11

Máster Universitario en Enxeñaría Matemática.....16

Máster Universitario en Enxeñaría Telemática37

Máster Universitario en Radiocomunicación
e Enxeñaría Electromagnética1

Máster Universitario en Teoría do Sinal e Comunicacións31

Escola de Enxeñaría Industrial4.266

Enxeñeiro Industrial1.140

Enxeñeiro Técnico Industrial,
especialidade en Electricidade172

Enxeñeiro Técnico Industrial,

especialidade en Electrónica Industrial.....	252
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Mecánica	325
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial	124
Enxeñeiro de Organización Industrial	44
Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial	9
Graduado Universitario en Detective Privado	16
Grao en Enxeñería Electrónica Industrial e Automática	361
Grao en Enxeñaría Eléctrica	145
Grao en Enxeñaría Mecánica	603
Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	219
Grao en Enxeñaría en Química Industrial	126
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	344
Máster Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, prevención e control	26
Máster Univ. en Dirección e Xestión da Loxística e Cadea de Subministración.....	48
Máster Universitario en Enerxía e Substentabilidade.....	60
Máster Universitario en Enxeñaría Química	2
Máster Universitario en Enxeñaría Térmica.....	11
Máster Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construccións Industriais	41
Máster Universitario en Enxeñaría da Soldadura	25
Máster Univ. en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	12
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais.....	42
Máster Univ. Tecnoloxías Avanzadas de Procesos Deseño e Fabricación Mecánica.....	41

Máster Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil	51
Máster Universitario en Mecatrónica.....	27
Escola Universitaria de Estudos Empresariais	651
Diplomado en Ciencias Empresariais	308
Grao en Comercio	265
Máster Universitario en Comercio Internacional	44
Máster Universitario en Dirección de PEMES	34
E.T.S. de Enxeñaría de Minas.....	497
Enxeñeiro de Minas.....	215
Grao en Enxeñaría da Enerxía	144
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	99
Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental	15
Master Univ. en Tecnoloxías para Protección Patrimonio Cultural Inmoble	24
Facultade de Bioloxía	565
Grao en Bioloxía	248
Licenciado en Bioloxía	124
Máster Universitario en Acuicultura	19
Máster Universitario en Neurociencia	9
Máster Universitario no Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria.....	116
Máster Universitario en Biodiversidade e Ecosistemas	9
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada.....	26
Máster Universitario en Bioloxía Mariña	11
Máster Universitario en Metodoloxía	

e Aplicacións en Bioloxía Molecular 3

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.1.828

Grao en Administración e Dirección de Empresas	886
Grao en Economía	232
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	493
Licenciado en Economía	71
Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas	9
Máster Universitario en Economía.....	8
Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	30
Máster Universitario en Investigación en Contabilidade e Finanzas	1
Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial.....	13
Máster Universitario en Técnicas Estatísticas	19
Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible.....	30
Máster Universitario en Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias.....	6
Máster Universitario en Finanzas	30

Facultade de Ciencias do Mar352

Grao en Ciencias do Mar.....	212
Licenciado en Ciencias do Mar	108
Máster Universitario en Física Aplicada.....	8
Máster Universitario en Oceanografía	15
Máster Universitario en Ciencias e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia	9

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	1.173
Diplomado en Relacións Laborais	129
Grao en Dereito	360
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	328
Licenciado en Dereito (Rama Económico-Empresarial)	252
Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección	27
Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado	22
Máster Universitario en Avogacía	25
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral.....	30
Facultade de Filoloxía e Tradución	1.187
Grao en Estudios de Galego e Español	95
Grao en Linguas Estranxeiras	160
Grao en Tradución e Interpretación	476
Licenciado en Filoloxía Galega	35
Licenciado en Filoloxía Hispánica	13
Licenciado en Filoloxía Inglesa	45
Licenciado en Tradución e Interpretación	177
Máster Universitario en Artes Escénicas.....	61
Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados: Interpretación Textual	16
Máster Universitario en Estudios de Xénero	1
Máster Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións	22
Máster Universitario en Tradución & Paratraducción	15
Máster Universitario en Tradución Multimedia	37
Máster Universitario en Lingua e Comunicación nos negocios.....	34

Facultade de Química	253
Grao en Química.....	168
Licenciado en Química.....	39
Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases.....	5
Máster Universitario en Química Avanzada.....	7
Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional.....	3
Máster Univ. en Ciencia e Tecnoloxía da Conservación de Produtos de Pesca	31
E.U de Enfermería (Meixoeiro-Centro Adscrito).....	205
Diplomado en Enfermería	2
Grao en Enfermería.....	203
E.U. de Enfermería (Povisa-Centro Adscrito).....	238
Grao en Enfermería.....	238
E.U. de Formación do Profesorado de E.X.B (Centro Adscrito).....	322
Mestre, Especialidade en Educación Infantil	15
Mestre, Especialidade en Educación Primaria.....	24
Grao en Educación Infantil	137
Grao en Educación Primaria	146
Escola de Negocias de Caixanova	254
Grao en Administración e Dirección de Empresas	131
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)	123
TOTAL CAMPUS DE VIGO	12.942

Programa para maiores	457
Grao Supeior Séniор.....	146
Graduado Universitario Sénior	311
Alumnos por convenios con outras universidades	152
Alumnos en réxime de visitantes.....	4
Alumnos por programa Erasmus	299
Alumnos programas internacionais	29
TERCEIRO CICLO	1.618
Cursos de Doutoramento	1.618
TOTAL UNIVERSIDADE	23.815

PROFESORES E AXUDANTES ANO 2012

FUNCIONARIOS	Nº
Catedráticos de Escola Universitaria.....	28
Catedráticos de Universidade	145
Titulares de Escola Universitaria	108
Titulares de Universidade.....	577
TOTAL.....	858

FUNCIONARIOS INTERINOS	Nº
Titulares de Universidad interinos	35
Total	35
ASOCIADOS	Nº
Asociados	292
Total	292
AXUDANTES.....	8
AXUDANTES DOUTORES	34
CONTRATADOS DOUTORES	221
LECTORES.....	2
EMÉRITOS	3
TOTAL.....	1.453

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) ANO 2012

FUNCIONARIOS	361
PERSOAL LABORAL	319
PERSOAL EVENTUAL E ALTOS CARGOS	4
TOTAL.....	684

OUTRO PERSOAL INVESTIGADOR ANO 2012

PERSOAL DE PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN.....	227
PERSOAL CONTRATADO CON CARGO A PROXECTOS .	482
BOLSEIROS INVESTIGACIÓN E PROXECTOS	103
PERSOAL TÉCNICO DE PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN.....	37
TOTAL.....	849
